

Erna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA
E MEIO AMBIENTE



Primavera - Verán 1997 Número 21 500 Ptas.

Habitat:
Ríos para a Terra

Encoros:
A loita no Umia

Entrevistas:
Manolo Rivas
P. Costa Morata

Roteiro:
Costa da Morte

O fraude
de Sogama


Transxénicos:
Alimentación en perigo



FELICITA-TE ! XA TES POSTAIS




de Galicia




de Galicia




de Galicia



de Galicia



de Galicia



de Galicia




de Galicia



de Galicia




de Galicia



de Galicia



de Galicia



de Galicia

Fotografías e deseño de Xan G. Muras

COLECCIÓN DE UNHA DUCIA DE POSTAIS 1.200 pts. (gastos de envío 100 pts.)

PODES PEDILAS A ADEGA:

Rúa de Touro, 21 2º · Telf. (981) 57 00 99 · 15704 Santiago de Compostela

Forma de Pago:

- Xiro postal a nome de ADEGA
- Ingreso na conta de Caixa Galicia N.º 2091 0300 40 3040119852, enviando xustificante do mesmo

5 O TEU BUZÓN

**6 RIOS
PARA A
TERRA**

Antonio Sandoval



**9 ECOLOXÍA E
SINDICALISMO**

Tensi Álvarez Folgar

**11 ENTREVISTA A
MANOLO RIVAS**

Carmen Vidal



**14 ENCOROS:
O CASO DE CALDAS**

Jesús Pereiras López



16 CAMPOS DE GOLF

Emilio Xosé Ínsua

**36 CONTAMINACIÓN
POR XURRO**

Isabel Torres e Fernando Malvar



38 A "FESTA DA ÁRBORE"

Xosé A. Fraga

40 XAVIER SEOANE

Emilio Xosé Ínsua

**44 O CORVO MARIÑO
CRISTADO**

Amadeo A. Pombo Eirín



**46 ROTEIRO DA
COSTA DA MORTE**

Tito Soto



49 LIVROS

PLANETA AZUL

20 SOGAMA

22 PLANO ALTERNATIVO

DE ADEGA

23 ACTIVIDADES

24 PLANTAS TRANXÉNICAS

Elvira Cienfuegos

26 ENTREVISTA

A PEDRO COSTA

MORATA. Carlos Vales



27 DEBATE EN MERZA. Manuel Soto

28 OBXECCIÓN FISCAL. Agustin Bueno

31 FEMINISMO. Ramona Barrio Rodríguez

32 OPINIÓN. Xavier Abalo

33 COCIÑA - EN CRUCILLADA

**34 PINTA DE GORES O LAGARTO
DAS SILVAS.**

DEFICIT DEMOCRÁTICO NA POLÍTICA AMBIENTAL

Os últimos meses aportaron un bon número de actuacións, decisións e resolucións relativas ao complexo eido da xestión do lixo. A aprobación da Lei de Envases e Resíduos de Envases presenta quizá algún primeiro resultado positivo, ao impulsar a reciclaxe do vidro, o que se traduciu nunha maior actividade de ANFEVI (Asociación Nacional de Fabricantes de Vidro) na Galiza, aínda que logo esta lei supoña un claro apoio á incineración como forma de "valorización".

Pola súa banda, á Xunta entrou-lle a presa por sacar adiante sexa como sexa o plano de SOGAMA (FENOSA+XUNTA): presionou aos concellos para conseguir deles unha adhesión mais teórica que real, resolveu a dúbida das caldeiras e neutralizou un dicame do Consello Galego do Meio Ambiente crítico co plano.

A espera da subvención de Bruxelas para a incineración, a Xunta saca por vía de urxencia unha Lei galega sobre o lixo, rachando coa ponencia unánime dos tres grupos parlamentarios que hai un ano serviu de escusa a algúns para votar en contra da Iniciativa Lexislativa Popular pola xestión ecolóxica dos residuos. Pouco lle importa á Xunta, neste caso, que nas Cortes do Estado se teña encetado a elaboración dunha nova Lei sobre RSU, coa que poda entrar en contradición, ou que mesmo o propio plano de SOGAMA esté sen pór a andar e sen demostrar a súa viabilidade (sempre argumentaron que o importante era o Plano), pois a lei que pretenden aprobar ten un obxectivo mui claro e conxuntural: obrigar a todos os concellos galegos a entrar en SOGAMA, elevando por rango de Lei o plano de SOGAMA a plano único e obrigatorio para todo o territorio, e convertindo en ilegais, de paso, os planos de recollida selectiva e reciclaxe que están a xurdir (O Morrazo, O Barbanza, A Coruña...). Así, se en dúas lexislaturas o goberno da Xunta non conseguiu demostrar a viabilidade e interese do plano de incineración, agora decidiron utilizar a maioría partidaria para salvar un negocio que se lles vai das máns.

Durante as dúas últimas lexislaturas, a Xunta ven instrumentalizando partidariamente as inversións e axudas aos concellos, coa finalidade de servir aos intereses empresariais, partidarios e particulares criados entorno ás cuantiosas inversións previstas. A marxinação de calquera concello que leve adiante unha política mais ecolóxica na xestión do lixo, a descarga sobre as poboacións rurais mais desprotexidas dos custos ambientais do plano de SOGAMA (do que son exponentes claros Cerceda, Vilaboa, etc), e a prepotencia do PP no Parlamento Galego marcan un claro déficit democrático que só a rebelión da sociedade e das institucións non alienadas poden superar.

Non é a xestión do lixo o único exemplo dunha política ambiental antidemocrática e contraria aos intereses da poboación: basta con reflexionar sobre o proxecto de encoro para o Úmia e os intereses que están detrás, sobre a inibición no problema das liñas de alta tensión en Merza, sobre a grave incidencia da chuvia ácida na Galiza..., problemas todos eles con un denominador común -FENOSA, para decatarnos de que é imprescindible unha alternativa política ao fronte da Xunta. Unha boa nova que agardamos do próximo outono.

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Joam Carmona, Elvira Cienfuegos, Emilio Ínsua,
Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe Salvadores, Manuel Soto, Tito Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Xuño - 1997.

Tanto en artigos como noutras colaboracións, respéitase a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías de portada e contra portada que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

FOTOGRAFÍA DA CAPA
Xan G. Muras

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xan G. Muras

IMPRESIÓN
Litonor

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Pepe Salvadores

FOTOCOMPOSICIÓN
Punto Cardinal

Depósito Legal: C-913-1986
ISSN: 1136-2677



REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEIO AMBIENTE

Tel. e Fax. (981) 57 00 99
Rúa de Touro, 21 2º
15704 Santiago de Compostela

O TEU BUZÓN

CERNA QUER INAUGURAR HOXE UNHA NOVA SECCIÓN NAS SUAS PÁXINAS, BAIXO O RÓTULO DE O TEU BUZÓN. COMO É DOADO A DIVIÑAR, SERÁ UN ESPAZO QUE A REVISTA CHE BRINDA PARA QUE PÓIDAS COLABORAR DIRECTAMENTE CON CARTÁS, DEBIDAMENTE IDENTIFICADAS (NOME, APELIDOS E D.I.), QUE NON EXCEDAN AS 30 LIÑAS. DENÚNCIAS MEDIOAMBIENTAIS, OPINIÓNS SOBRE A REVISTA, CRÍTICAS E APLAUSOS AO ECOLOXISMO GALEGO, PROPOSTAS DE ACTUACIÓN, RECLAMACIÓNS Á ADMINISTRACIÓN... CONTAMOS CONTIGO DESDE XA PARA FACER DE CERNA, AINDA MÁIS SE CABE, A TUA REVISTA, NATURALMENTE.

DUAS REFLEXIÓNS

Un dos lugares con maior encanto da Arousa é o PARQUE DO CARREIRÁN, na Illa. Toda a marabilla natural que encerra contrasta cos desperfectos e os defectos que un e outros inducimos neste espazo. Os accesos están en estado lamentábel, as praias enchen-se de plásticos e desperdicios que arrastra a marea, os sendeiros polo interior do parque non é raro que estean salferidos de paquetes de tabaco, bolsas de patacas fritas e similares; etc. Ademais de pedir maior civismo aos visitantes, ¿podería algunha administración (municipal, deputación, consellería...) botar unha man aos propietarios do parque para resolver algún destes problemas?

En outono, ELEIÇÕES. Torretas de Merza, empacadora de Guixar, empacadora de Vilaboa, embalse de Caldas, plano alternativo a SOGAMA no Morrazo, vertedoiro de Bens, incendios forestais, estado lamentábel da maioría dos nosos ríos, eucaliptización que non acaba... ¿Darálles tempo aos nosos políticos candidatos a falar de máis temas en campaña que non sexan o ecoloxismo?

Salústio Cibrán (Arousa)

DESCARGAS DE CARBÓN NA CORUÑA OU A CRISE DO MODELO ENEXÉTICO

Efectivamente, neste momento no que industrias petrolíferas sacan á venda as súas accións con grande desprezo de medios publicitarios, presumindo do descoñecemento da selva do Perú, Ecuador... e cun enorme coñecemento das riquezas dos seus subsolos, campaña na que non se menciona para nada a intromisión en terras indíxenas, o movemento dos lindes dos parques naturais nen a contaminación que orixinan os precarios oleodutos e refinerías.

Neste momento no que se esgotan as minas de lignito de As Pontes e de As Encobras, en Meirama, ou deixan de ser rendíbeis despois de furar durante as últimas décadas a nosa paisaxe e a memoria de moitos, nas Encobras, que mobilizaron a unha poboación de campesiños indignada en 1977, apoiada polo xa mítico Crego Roxo, Moncho Valcárcel, a mina comeuse a igrexa, houbo que trasladala, e o camposanto e os sartegos labrados na rocha que non se poideron trasladar. ¿Ulo que fora castelo das Encobras?, leváronno os da mina, pedra por pedra. E cando o carbón chegue de fóra, por lei terán que rexenerar a mina, cubrir o enorme cráter, e xa se fala de facer un lago no seu interior. Dende logo "Mexan por riba de nós e decimos que chove".

Toda esa crise das enerxías foseis que estamos a vivir, mentres non chegamos a un modelo Enerxético Sostíbel, fai preciso atopar un combustible de transición: O gas natural. As novas tecnoloxías permiten convertilo en enerxía reducindo os contaminantes do ar nun 90-99% e as emisións de dióxido de carbono (gas que incrementa o efecto invernadeiro) serían entre o 30 e o 65% menores, e con costes de produción tamén un 25% menores.

Na combustión, o petróleo emite un 17% menos de dióxido de carbono que o carbón, e o gas natural un 43% menos. A simplicidade deste gas, composto basicamente por metano, e o feito de ter baixos niveis de sofre son algunhas das razóns polas que contamina menos o ar que o resto dos hidrocarburos

Prevese que para o ano 2005 a maioría das centrais térmicas do mundo funcionarán con gas natural. En Galicia estase rematando de construír o gasoduto que pasa perto das Pontes e de Meirama. A central térmica das Pontes anunciou xa que estuda incorporar a medio prazo o gas como com-

bustíbel. FENOSA en Meirama non parece nin contemplalo.

A solución ao impacto do peirao do carbón está no gas natural, en tanto non chegan as Enerxías Alternativas. Que os xestores enerxéticos o estuden e o apliquen canto antes. Todos nós, mentres, aforraremos enerxía e pediremos aos concellos que deixen de poñer puntos de luz en cada corredoira, porque nas noites xa non hai escuridade e con tanta luz non podemos ver as estrelas.

Xacobe Meléndrez Fassbender
Cecebre, maio 1997 (CEMPÉS)

SOBRE O CESE DE CARLOS MUÑOZ

Cóstame traballo entendelo, e lamento enormemente o seu cese como Xefe Provincial do Medio Ambiente Natural, tanto pola estima persoal que lle teño como porque o labor que realizaba nese cargo era o máis meritório que se viña facendo dentro da administración Medioambiental de Galicia, digno de ser recoñecido por todos e que en realidade debería ser imitado por todos polos demais cargos da Administración que se ocupan destes temas. E máis tamén, á vista están os resultados da súa valente xestión, que non foi igualada polo realizado noutras provincias e noutros ámbitos da Administración.

Dudo moito de quen o substitúa o poida igualar, ademais, no seu talante amable, dialogante, de sempre procurar contar coas persoas máis válidas para integralas nos seus proxectos, que foron outros dos xestos moi destacables da súa xestión. Considero un tremendo erro apartalo dese cargo, cousa que resulta difícil de entender

Roxelio Pérez Moreira
Departamento Edafoloxía e Química Agrícola. Universidade de Santiago de Compostela.

RÍOS para a Terra

GALIZA A TERRA DOS MIL RÍOS

*Texto: António Sandoval
Fotografías: Xan G. Muras*

Cando Álvaro Cunqueiro definiu Galiza como "A Terra dos mil ríos" sabía perfectamente que se quedaba curto. Ignoro se alguén se tomaría a molestia de contar os milleiros de cursos de auga que atravesan o noso país en todas as direccións, e incluso os ¿millóns? de quilómetros que entre todos eles suman. Imaxino que non. É dicir, é un feito que os ríos máis señeros, aqueles que teñen nome propio, e incluso moitos dos que non o teñen, foron convenientemente medidos en todas as súas proporcións, mais non en canto portadores de infinidade de formas de vida, algunhas delas, seguro, aínda sen descubrir. Pero, qué pasa con todos eses minúsculos fios de auga estacionais, regatos anónimos e tímidos que como terminacións de veas levan e toman a vida de cada recuncho deste país?. Para moitos pequenos seres estas veas de auga son imensos e infranqueábeis caudais. Cánto miden entre todos eles? Mistério.

Galiza alberga no seu seo a rede fluvial, a máis densa e mellor conservada, a pesar do todo o que logo diremos, do continente europeo. Reflexionemos un instante acerca disto, como se dun exercicio mental se tratase. Desde logo, a ríos non nos gaña ninguén na Península Ibérica, e todas as rexións europeas semellantes á nosa disfrutaban dunha saudábel, economicamente falando, industrialización que ten provocado a degradación dos seus ríos. Para este exercicio mental propoño-vos parar-nos en tres exemplos, e nunha conclusión final.

A PAPUXA CABECINEGRA

Falar de rede fluvial é mui parecido a falar de rede viária. A diferenza é que quen transita pola primeira fai-no sen expulsar á atmósfera nocivos gases e molestos ruidos. Polos bosques de ribeiras ou de galería que seguen as beiras dos nosos ríos van e veñen infinidade de seres que desta maneira acceden a outro tipo de bosques, a prados ou sebes, ao litoral, á montaña, ou a onde eles queiran. Son corre-



dores verdes, vías de intercambio xenético das nosas poboacións de seres vivos, que facilitan a expansión de novas especies cara moitos lugares, enriquecendo así a biodiversidade dos nosos ecosistemas.



Un exemplo disto brindano-lo' a Papuxa Cabecinegra, pequena ave que tras colonizar ao longo de varios anos a nosa liña de costa, desde o sur comezou a penetrar, a través dos ríos, cara o interior. BENVIDA.

Pero, sobre todo, os nosos ríos son refuxio e fogar, son habitat. Dúas das nosas máis emblemáticas especies serviran-nos para esbozar un fugaz diagnóstico do estado de saúde dos ríos galegos.

A LONTRA

Nunha publicación editada polo ICONA a comezos desta década (Delibes, M (ed.). La nutria (*Lutra lutra*) en España, ICONA, Madrid, 1990) calificaba-se o estado da poboación galega de lontras como "satisfactorio". Había cincuenta anos que ninguén definía así o grao de conservación desta especie en nengunha outra parte da Europa. O certo é que nada había de falso en tal afirmación e ás lontras galegas non lles ia nada mal. As causas do seu "satisfactorio" estado de conservación eran, fundamentalmente, tres: abundancia de bosques de ribeira, abundancia de anfíbios, e baixa contaminación industrial. Ademais, desde que se penou con 150.000 pesetas a súa caza, practicamente deixou-se de disparar contra elas. Todo isto abriría diante dos ollos de calquera optimista un envidiábel futuro para estes mustélidos.

Sen embargo, a realidade xa non é esa, e cada vez hai menos lontras. A razón é que, aínda que xa non se cacen e mesmo teña diminuído o emprego industrial, o número de anfíbios descende ano a ano, o mesmo que o de bosques de ribeira, o de marxes de ríos sen concentración parcelar, o de ríos sen represar e limpos de contamina-



ción, etc. O FUTURO XA NON É TAN ENVIDIÁBEL

O SALMÓN

Un estudo encargado hai catro anos pola Xunta concluí que a especie está en definitivo perigo de extinción. Como todo o mundo sabe, esta constatación non é óbice para que, contra o criterio de organizacións como a "Asociación Galega de Pesca Fluvial", a súa pesca siga sendo consentida pola súa condición de reclamo para o denominado "turismo de cana". Hoxe en día o antano común Salmón só aparece en seis ríos galegos, e en todos eles o número de capturas precipita-se cara o cero cada tempada que pasa. As causas do desastre están claras : fragmentación, redución, e degradación do hábitat dispoñíbel, sobreexplotación, doenzas e endogamia.

O seu hábitat, os ríos, teñen sido desde hai ben tempo fragmentados a base de presas de todos os tamaños e para todo tipo de fins. E, aínda que a lei obriga a instalar dispositivos de franqueo (remontes) en cada un destes obs-

táculos, só un 5% deles o posuen.

Destruí-se a meirande parte dos seus frezadeiros coñecidos, degradados polo amoreamento de partículas demasiado finas, e as zonas de desenvolvemento dos xuvenís (augas rápidas e frias), escasas en Galiza pero presentes e de excelente calidade nas zonas altas e de montaña, son na súa práctica totalidade inaccesíbeis debido á presenza de minicentraís, presas, etc

Os puríns desertizan as augas, e os incendios manchan de cinza e lodo a choiva que dá de beber aos ríos. Asemade, e canto máis se alonxan do seu nacemento, máis agasallos reciben do noso desenvolvido sistema de consumo: medicamentos, aceites, biocidas e produtos de limpeza. De "limpeza étnica", dirán as rás con amargura

En canto á endogamia, o devandito estudo afirma que "os salmóns galegos son xenéticamente distintos doutras poboacións europeas, e deben-se considerar poboacións independentes". Unha especie propia, xa que logo?. Ao ser cada vez menos, a perda de variabilidade xenética é cada vez meirande, o que acrecenta o seu declive

Mais, abonda de salaios!.

A nosa administración, decote vixiante, ten empregado cantos esforzos foran precisos para repoboar os nosos ríos con novos sal-




móns. Non con eses enfermizos e mixiriqueiros salmóns galegos, en perigo de extinción, senón con outros, oriundos do Canadá, Escocia ou Noruega. Disque sinten a música da gaita coma os que máis. Emociona saber-se en boas mans.

Se á lontra só lle comezou a ir mal recentemente, o caso do salmón galego é mui diferente. Así de claro: O SALMÓN ACABA-SE, KAPUTT.

CONCLUSIÓN

Quen é o culpábel do que lles está a acontecer aos nosos ríos? Son moitos. Non hai dedos abondo nas máns para os sinalar por separado, de xeito que acertaremos se dicimos: NOS PRÓPRIOS. Quen isto escribe, os que o leades, e aqueles que non o lerán endexamais. Tería sido moi sinxelo responsabilizar á administración, aos políticos, aos empresários, aos enxeñeiros hidráulicos, ou a calisquer ignorante sen escrúpulos. Tanto ten. O certo é que entre todos os galegos estamos a destruír este patrimonio do que a Vida e a Historia, con todos os seus caprichos, quixeron-nos facer responsábeis.

Cómpre actuar. Debemos-llo ao planeta, e desta volta non é unha frase feita: non existe en toda a súa extensión un lugar semellante a esta Terra dos mil ríos.



ECOLOXÍA E SINDICALISMO

Tensi Álvarez Folgar *



A relación entre sindicalismo e ecoloxismo é a historia dun longo desencanto; pero estamos asistindo ó inicio dun

encontro que pode ser duradeiro.

Os dous movementos son fillos dunha revolución industrial que tamén transformou profundamente as relacións sociais das persoas entre si e coa natureza. Son movementos de resistencia, naceron como expresión crítica desas relacións; un atendendo preferentemente á inxustiza social, o outro cunha preocupación prioritaria polo medio ambiente. Vivían en dous mundos diferentes: un, na esfera productiva, con pequenas excursións cara a fóra; o outro, no seu exterior, en conflito con ela e con fugaces incursións na problemática social. Tamén a aceptación xeneralizada dun modelo de desenvolvemento esencialmente "productivo" na cultura do "socialismo real" tivo unha grande influencia na moi tardía incorporación do movemento sindical ó ecoloxismo. A estreita canle pola que decote transcorre a vida sindical, reducida moitas veces á esfera da produción e á exclusiva defensa das reivindicacións estritamente laborais, produciu unha separación na percepción das persoas asalariadas entre a súa condición de produtoras e a de cidadás, de persoas integrais.

O encontro entre o sindicalismo e o

ecoloxismo só pode ser duradeiro se se articulan unha teoría e unha acción sindical que integren a problemática ambiental, é dicir, se hai ecosindicalismo.

A posibilidade de que ocorra ten que ver coa existencia de intereses converxentes que non se poden basear só nos intereses da especie; os grupos e as clases sociais móvense por parámetros de máis curto alcance, por irracional que poida parecer.

A clave desa posibilidade de encontro de intereses está en relación co emprego, coa súa cantidade e calidade. Será difícil de resolver sen que o dilema emprego medio ambiente estea resolto.

A relación negativa entre emprego e medio ambiente non parece que estea probada. Existen poucos estudos sobre a cuestión. Os que hai indican que o impacto sobre o emprego do endurecemento da normativa ambiental pode chegar a ser negativo a curto prazo nun determinado sitio, pero positivo a longo prazo para o conxunto.

Aínda así, nunha situación onde o emprego é un ben escaso, a perda concreta de postos de traballo por razóns ambientais ou a perda de expectativas de creación do mesmo por idénticos motivos xera problemas dramáticos, ese impacto social non é nada desdeñable. Son problemas

que se viven con frecuencia na actividade sindical, onde vemos como colisionan sensibilidade e intereses: entre as persoas traballadoras de Ence e as defensoras da Ría, ou entre a poboación de Cerceda, onde unha parte ve que a instalación da incineradora traerá emprego e a outra ve a contaminación.

Non existe unha formulación válida para resolvelos problemas que se dan por eses intereses parcialmente contradictorios, se non se teñen en conta á vez o impacto ambiental e tamén o impacto social dunhas industrias, tecnoloxías ou infraestruturas. É necesario buscar saídas que harmonicen o máximo posible unhas e outras alternativas, predominando sempre o interese xeral e a longo prazo, pero sen que as consecuencias recaian sobre os traballadores e traballadoras que non son responsables deste modelo de desenvolvemento, aínda que moitas veces tratan de defende-

lo, porque asocian a el o seu emprego e a súa subsistencia.

A busca do compromiso, sempre que sexa posible, das propostas

que harmonicen solucións para os distintos intereses cidadáns en litixio, convértese no espazo onde ecoloxistas e sindicalistas teremos que aprender a encontrarnos.

*Secretaría de Saúde Laboral e Medio Ambiente do S.N. De CC.OO. de Galicia

O ECOSINDICALISMO, UNHA ACCIÓN SINDICAL QUE INTEGRE A PROBLEMÁTICA AMBIENTAL, NON SE PODE BASEAR SÓ NOS INTERESES DA ESPECIE, SENON TAMÉN NOS INTERESES SOCIAIS A CURTO PRAZO, FUNDAMENTALMENTE O EMPREGO.

CENTRO DE IMPRESIÓN DIXITAL

Rosalía de Castro, 58
Teléfono: 59 03 02
copynino@hedra.es

NINO Copias láser Cor - B/N (hasta A-3)
Realización de diapositivas, desde ordenador
Posters gran formato (hasta 3 m.)

Impresión Dixital desde disquette cor e B/N

Xerox Docutech

Edición de: Libros, Revistas, Memorias, Tesinas, Teses - Pel

CASA LOUREIROS

la Bodequilla de San Roque

SAN ROQUE 13 SANTIAGO 564379

TELÉFONO 57 72 50
R/ LOUREIROS, 16
SANTIAGO DE COMPOSTELA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

XORNADAS CIENTIFICO-TECNICAS SOBRE A XESTIÓN DO LIXO

PONENTES

**As mellores experi-
riencias de recollida
selectiva, reciclaxe e
compostaxe ao teu
alcance:**

**Montejurra,
Pamplona, Córdoba,
Casteldefels...**

ALBERTO DE VEGA MARTÍN,
Universidade da Coruña. XOSÉ
ANTONIO FERNÁNDEZ BOUZAS,
Biologo de IFES. LUIS M^o
RODRÍGUEZ, Mancomunidade de
Pamplona (Ex-Xefe Planta de
Montejurra). XOSÉ A. GONZÁLEZ
FERREIRA, Mancomunidade do
Morrazo (Ex-Director Proxecto de
Córdoba). JEAN-PIERRE HANNE-
QUART, Institut Bruxelloise de la
Gestión de l'Environnement (IBGE).
SALUSTIANO MATO, Universidade de
Vigo. JOAN MATA-ALVAREZ,

Universidade de Barcelona. CARLOS
PEREZ LOSADA, Metrocompost
(Entitat Metropolitana de Barcelona,
Ex-Xefe Planta de Compost de
Casteldefels). RAMÓN VIDAL ROMA-
NI, Universidade da Coruña. OLGA
PEDRE FERNÁNDEZ, Xefa da
Planta do Vertedeiro de Santiago.
CHARLES AMENGUAL, Portavoz de
Sanitarios Contra a Incineración (As
Balears). MANUEL SOTO
CASTIÑEIRA, Universidade da
Coruña.

A CELEBRAR NO CASTELO DE SNTA. CRUZ, (OLEIROS) 10 - 11 DE XULLO DE 1997

Cuotas: Xeral: 10.000 pts; Estudantes e parados: 5.000 pts. (debidamente acreditados). Deposi do 7 de xullo, recargo de 2.000 pts.
Información: Facultade de Ciencias. A Zapateira s/n, 17071. A Coruña. Tfno. (981) 167050 ext: 2030/2113/2137/. Fax. (981) 167065

Organiza: Dpto. Química Fundamental e Industrial. Universidade da Coruña.

Colabora: Comisión Cidadana pola Xestión Ecolóxica do Lixo.

**Cofinancian: Banco Pastor, Fundación Pedro Barrie de la Maza. Concellos de: ABEGON-
DO, A CORUÑA, CAMBRE, CULLEREDO, OLEIROS.**

IMPORTANTE: Rémitir Copia deste boletín (correo ou fax) ao enderezo da organización.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GRUPO: 01
EMISORA: 10101

DATOS DO INGRESO

D.N.I./N.I.F./V.A.T.: _____
CODIGO INGRESO: 971402
IMPORTE A PAGAR: _____

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL: _____

NACIONALIDADE: _____

NOME DA VIA PUBLICA OU LUGAR: _____

PROVINCIA: _____

C.P. _____

NOME DO CURSO/CONGRESO/SEMINARIO/XORNADAS

CODIGO INGRESO: _____

NOME: Xornadas Científico-Técnicas sobre tratamento de R. S. U.

LUGAR RESERVADO PARA VALIDACIÓN MECANICA DO BANCO PASTOR

--

Este formulario poderá ser ingresado en calquera oficina de BANCO PASTOR

Foto: Xurxo Lobo

MANOLO RIVAS: CONSERVADOR DO AMBIENTE

Carme Vidal / CERNA

Manolo Rivas é un escritor sereno cunha conversa pausada na que vai debullando toda unha sorte de lemas persoais nos que se conxugan as súas máis requintadas teimas. Confésase conservador, nunha liña de tradición que ven do romanticismo e a ilustración e tíralle así, na súa ecoloxía das palabras, o título que profanan os “extraterrestres agresivos de filosofía do cemento, pensamento de uralita e toponimia eucalipta”. O seu é a ecoloxía aliterada, a literatura ambiental e o activismo verde que o fan partícipe da revolución do conservadurismo da terra. E é esta unha perspectiva que Rivas non abandonou na súa traxectoria, nomeadamente desde a viaxe co Xurelo contra os vertidos radioactivos. Cando a aldea parece volver á nosa literatura desafiando as intencionadas críticas de ruralismo, o galardonado escritor autor entre outra moitas obras de Galicia, bonsai atlántico, Toxos e frores, Os comedores de patacas ou Que me queres amor nunca renegou da tradición porque cre que permite unha “transición non esquizoide cara unha visión moderna da terra, ecoloxista”. Apegado á súa flor de toxo, Rivas denuncia a destrución do país, e non aforra críticas á hora de falar da “estafa” que supón o proxecto de incineración da Xunta que vai converter “Galiza nunha especie de rede arterial de transporte de lixo”. Temas que, como el di, hai que levar á ONU.

C. É vostede un dos poucos escritores cunha práctica ecoloxista patente, confíalle á literatura algun papel relevante na conservación natural do país?

M.R. A capacidade de intervención da literatura é limitada. Pasouse dunha evolución na época das vangardas cando se pensaba que a influencia podía ser moi grande até outra etapa de excepticismo cunha concepción inócua da literatura; hoxe estamos nun punto intermedio. Como lector acreditado na súa influencia, un libro pode cambiar a mirada e converterse nunha experiencia autobiográfica. Por dicilo con sentido do humor, e citando a Cunqueiro, a literatura non pode facer a reforma agraria nin solucionar moi-

tos dos problemas pero si pode actuar no cambio de mirada e, de feito, así aconteceu no Rexurdimento cando practicamente se mudou o sentido da mirada sobre Galiza. Foi coma unha onda expansiva da que continuamos alimentándonos e vivindo. E estamos a falar dunha xente que eran catro tolos desde a perspectiva histórica. É curioso ver como a nosa literatura máis interesante aparece impregnada dunha ecoloxía das palabras.

C. É un xogo da linguaxe o de ecoloxía das palabras ou ten un contido por si propio?

M.R. Responde a que ao utilizar as palabras noméanse as cousas que tamén estaban feridas, é dicir, a lingua

estaba ferida, cheia de cicatrices. As cousas que invocaba remitían tamén ás feridas e á soidade da terra. A lingua galega pola súa propia peripécia histórica está moi ligada á experiencia ambiental. E nesa tradición andamos porque hai unha repetición da historia dos escritores galegos que até hai ben pouco eramos todos autodidactas. Tivemos que percorrer o mesmo camiño, a mesma corre道ira; empurrados polos de antes.

C. Son máis efectivos os medios de comunicación nos que vostede tamén participa?

M.R. Un mes dunha boa campaña, por exemplo sobre os bosques de Galiza, utilizando a televisión e acom-

pañada dunha acción institucional positiva teria uns efectos importantes. Os medios de comunicación, que teñen aspectos negativos, tamén poden propiciar un cámbio revolucionario, moi acelerado, da perspectiva sobre as cousas da terra.

Non se aproveitan os medios que hai hoxe, estámonos queixando da telelixo: pois fai unha contra-telelixo e usa ese meio para cambiar as cousas. Chámame a atención que non se faga nada. Tendo unha visión pragmática pódense cambiar moitas cousas, nótase por exemplo nos concellos que teñen unha axeitada política ambiental e onde deberían viaxar todos os alcalde. Falo de Oleiros e Allariz. Con respecto aos medios de comunicación, a literatura mídese noutro tipo de distancia, en profundidade, crea sensibilidades.

C. Vólvese agora a ouvir falar da aldea despois dunha etapa na que os máis "modernos" da nosa literatura fuxiran do apodo de ruralistas. Cre que esta calificación propiciou que a escrita galega renegase de se implicar na ecoloxía?

M.R. A ligación coa aldea é moi comprensíbel nun país no que a comezos de século un 80% da poboación era campesiña e cunha emigración que levaba á terra como equipaxe nostálgica. Ese concepto de terra nai non foi negativo, pola contra, parécese do máis interesante da nosa literatura. A boa poesía dos poetas da montaña como Noriega Varela ou Iglesia Albariño están a facer utilizar símbolos da terra, imaxes, metáforas que son un rasgo singular da nosa tradición literaria. Por que non aproveitalo?. Por falar de vidueiras, carballos ou paxaros non tes por que cair en tipismo ou enxebrismo. Podes estar facendo literatura universal. E é futurista, vai ser redescuberta. Tamén hai outra excesivamente enxebrista como O tío Marcos da Portela

que é unha reacción contra o desprezo da aldea pero non por iso ten que ser un lastre. Esa tradición literaria facilita unha transición cara unha literatura moderna na que unha das componentes é esa nova visión da terra, do planeta e do meio

que é a ecoloxía. Non esquezamos tampouco que a ecoloxía é fundamentalmente urbana e neste paso si que pode axudar a literatura: dun sentimento de apego á terra, rural, campesiño nunha transición non esquizoide cara unha visión moderna da terra que implica non só aos que viven no campo senón que te compromete como cidadán. Para min a grande revolución é que xunto a triada "liberdade, igualdade e fraternidade" do pensamento ilustrado figure a conciencia verde ou o respecto á terra.

C. E con esa conciencia revolucionaria fai un curioso alegato polos conservadores.

M.R. É unha ironía sobre o uso das palabras porque tamén hai unha contaminación da linguaxe. Cómpre volver a loitar polo sentido das palabras tan deturpado e tan contaminado. Hai moito lixo na linguaxe e na comunicación, moito ruído e moita emisión tóxica nas palabras e nas emisoras. Unha das paradoxas é que se fala de Galiza co tópico de conservadora asociado a un comportamento político ou unha opción electoral que logo non se corresponde coa actitude real que teñen os chamados conservadores. É dicir, é xente que practica a filosofía do cemento, o pensamento da uralita e a toponimia eucaliptal: son destructores do seu propio país. Eses conservadores son extraterrestres agresivos, mentras practican unha retórica do amor ao país estanno destruindo e, se poden,

meten os coches dos enterros dentro do camposanto. Están profanando a terra e esta é unha forma de descubrir a mentira de certas mensaxes.

C. En Toxos e froles, tal vez o seu libro máis "verde", maniféstase herdeiro do Romanticismo e a Ilustración.

M.R. Rosalia e os románticos danlle á volta ao espello virado pola súa parte opaca, despois ven a ilustración que no seu equivalente galego é a xeración Nós que son enciclopedistas e esa síntese é unha bagaxe incrível. Mesmo hoxe continuamos a vivir a conta deles. É a unión entre sensibilidade e razón. A Ilustración pode ter unha visión reducida da realidade porque prescinde da dimensión emocional da vida, en cambio, na tradición galeguista hai unha síntese moi fecunda de razón e emoción e iso explica o nacionalismo democrático da xeración Nós.

"OS QUE COÑECEMOS COMO CONSERVADORES PRACTICAN A FILOSOFIA DO CEMENTO, O PENSAMENTO DA URALITA E A TOPONIMIA EUCALIPTAL. SON EXTRATERRESTRES AGRESIVOS".

C. Pode explicar como chega de aí á súa lectura do Sempre en Galiza como libro ecoloxista?

M.R. Porque aí aparece unha utopía ecoloxista. A obra de Castelao recolle todas as grandes revolucións destes tempos, o non dogmatismo, a solidariedade internacional, a non xenofobia, o autogoverno e está aí tamén unha utopía ecolóxica, que se repite no libro, de Galiza como cidade xardin. Parécese unha formulación xenial e, por outra banda, moi pragmática. Unha utopía realizábel na que se expresa a síntese da cidade como mundo urbano de homes libres onde o individuo se emancipa do corsé comunitario e o campo como unha dimensión de equilibrio coa natureza. É por iso un libro futurista en moitas cousas. Foi unha pena que non se tivese lido como era debido. Incluso na linguaxe é un verdadeiro descubrimento porque aporta unha mirada revolucionaria e globalizadora sobre Galiza. Debería haber nas escolas galegas unha asignatura para estudar o Sempre en Galiza porque de aí nacerían cidadáns galegos libres cun grande amor á Terra e unha dimensión democrática do mundo.

C. Falanos da tua participación no ecoloxismo organizado.




Foto cedida por: O xefe Galego

“O PLANO DE SOGAMA É UNHA ESTAFA“

M.R. Colaborei cos grupos galegos, coa Federación Ecoloxista Galega e con outros, e tamén participei na creación de Greenpeace en España. Agora que comezo a valerme como autónomo quero volcarme moito máis, por exemplo, participo na plataforma pola reciclaxe que montamos na Costa da Morte.

Hai pois un compromiso local, no ámbito do país, e a proxeción internacional nace da conciencia de país. O meu contacto coa organización internacional deuse a raíz da campaña contra os residuos na fosa atlántica na viaxe do Xurelo, un barquiño como unha casca de noz que saíu de Ribeira. Foi para min unha viaxe iniciática en moitos sentidos, acabamos rodeados de barcos de guerra a 360 millas e en alta mar contactamos co barco de Greempeace. Desde un barco galego de pescadores véxome entablado amizade cunha organización de xente de moitos países e alí selouse unha amizade que logo prolonguei até que me propuxeron a creación en España porque eles funcionan en ámbitos estatais aínda que despois sexan moi sensíbeis as reivindicacións culturais e das identidades nacionais.

C. É tamén o seu activismo o que debuxa a súa face de escritor-ecoloxista. Na última manifestación en Cerceda leuse un comunicado seu no que denunciaba a grande mentira de Sogama.

M.R. Coa incineración hai un silencio total, estase adoptando unha solución anacrónica que se impón como única saída e iso si que é unha estafa. Paréceme moi ben que eles cunha concreta posición política defendan unha alternativa determinada, pero que non se lle faga crer á xente que é a única solución. É un problema tamén democrático, de participación. O do lixo é unha das cuestións prioritarias e houbo unha deixación total e agora se lle aboca á xente a unha solución drástica que no fondo é crear un problema distinto. Cerceda non vai ser unha solución senón un problema como o foi

Ence no seu momento para a ría de Pontevedra. Incluso desde o punto de vista da incineración é un disparate: unha incineradora xigantesca con centos de miles de toneladas convertendo toda Galiza nunha especie de rede arterial de transporte de lixo.

“A TRAVESIA DO XURELO, NA LOITA CONTRA OS RESÍDUOS NA FOSA ATLÁNTICA FOI PARA MIN UNHA VIAXE INICIÁTICA”

Foi moi triste que o debate fose Vulcano si ou non, e non incineración ou reciclaxe e compostaxe. A proba de que están buscando unha solución como chupuza provisional é como foi cambiando o proxecto de Sogama. A última noticia que temos é que se vai implantar a nivel domiciliario a recollida selectiva. Iso é unha broma se non se prevé a construción de plantas de compost. Están metendo a pata, fixéronse incineradoras en moitas partes do mundo, pero non se está a dicir que a dinámica é outra. Din que van ver unha incineradora fóra pero non din que a última se construiu hai cinco anos.

C. A nivel local nas zonas afectadas estase dando un forte rexeitamento do plano.

M.R. Son reaccións defensivas porque a xente se activa no momento en que ten o problema enriba. Hai unha conciencia latente pero pasa como coa selección galega, os rapaces consiguen xuntarse e os de arriba din que non. Dase unha reacción espontánea e inmediateista por parte popular e hai unha mediocridade e un non estar á altura das circunstancias por parte das elites que se unen para facer un mal asunto. O problema do lixo está tamén na produción e nas leis de embalaxe que levan máis do 50% dos residuos. Por que a Xunta non fixo

““TODOS OS ALCALDES DEBERIAN VIAXAR A OLEIROS OU ALLARIZ, CONCELLOS QUE TEÑEN UNHA POLÍTICA AMBIENTAL AXELTADA”

nada no nivel propagandístico sobre a recollida do lixo? Tratan aos galegos como se fosen un povo infantil e se lle di que “iso está ben para Beverly Hills pero non para vós que non estades preparados, sodes unha panda de bestas”. Esa é a mensaxe que se está dando.

C. Pero a pesares diso vostede móstrase esperanzado.

M.R. Estamos nun momento crucial e poderíase dar un paso decisivo na Galiza. Cos instrumentos políticos que hai, os meios de concienciación que existen e a boa disposición por parte do noso povo podería haber unha auténtica revolución verde nun momento no que se está destruindo a paisaxe de Galiza cun retroceso dos bosques autóctonos. Independentemente do que se faga no nivel institucional hai que levar adiante a idea de sociedades particulares que coiden os montes e se comprometan na práctica.

C. Non é un labor moi voluntarista?



Foto cedida por: O Correo Galego

M.R. Pero tamén é unha empresa rendíbel. Vese ao falar co sector da madeira e comprobar o que pasa no mundo. Os fondos de pensións escoceses se están investindo en nogueira negra e bosques de especies nobres, o que quere dicir que isto non é só un labor de razón ecolóxica e defensa do patrimonio senón de mellor desenvolvemento dos recursos naturais. Co tema forestal estase a dar outra grande estafa, úsanse os fondos europeos en cousas para as que non están pensados.



EFEITOS ECOLÓXICOS DOS ENCOROS O CASO DE CALDAS.

Jesús Pereiras López

Alem dos impactos derivados da própria construción (apertura de pistas, traballos de maquinaria pesada, explosións,...), que sem dúbida teñem a súa incidencia nos ecosistemas circundantes, aparecen unha serie de impactos, que tentaremos resumir:

O mais inmediato é a destrución directa, que o alagamento produce. Nesta barragem de Caldas van ficar baixo as águas dezenas de hectares de terrenos, entre os que encontramos veigas de invidiábel fertilidade (vinhedos, pastadoiros...), matos e arvoredas, sendo sobretudo lamentábel a desaparición de varias carvalheiras e dos bosques de ribeira (arvoredas de freixos, ameiros, salgueiros,...), que som refúgio dumha enorme diversidade biolóxica, o que supom unha perda incalculábel da riqueza ecolóxica da zona.

Asociado a isto temos que considerar a deturpación paisaxística que o encoro supom, sendo de destacar que som precisamente estas áreas da franja atlántica da Galiza, onde na actualidade menos abunda o bosque autóctone, tendo portanto un valor acrescentado com relación a outras zonas, quer para o lazer das gentes quer para o enriquecemento paisaxístico desta comarca, que conta com enormes posibilidades turísticas (roteiro dos moínhos, fer-

vença de Segade, balneários, petroglifos, etc...).

Outro dos impactos é o cambio do clima local: un incremento clarísimo das néboas e da humidade ambiental, o que supom unha baixada da insolação. Isto tem como consecuencia o aumento das doenzas criptogámicas

minación atmosférica, como as chuvás ácidas, que se fixa nas gotas da néboa.

Todo río é un sistema aberto de águas correntes que ao ser embalsado transforma-se num meio fechado de águas estancas, entom os nutrientes concentran-se por riba da barragem ocasionando o fenómeno conhecido por eutrofización que produce em última instância a perda do oxigénio e como consecuencia a desaparición da fauna aquática mais sensível. Aliás os contaminates tamém se concentram, já que nos encoros deixan de funcionar os sistemas de autodepuración que existem nos rios. As barragens funcionan portanto como acumuladores de águas de péssima qualidade, que expulsam cara abaixo, exportando o problema a outros tramos do río. (Tenhem-se dado casos de morte massiva e inmediata de peixes ao abrirem-se as comportas do encoro, como se tem denunciado repetidas veces por exemplo no de Porto de Mouros).

Todo isto ocasiona unha diminución da diversidade faunística do río, ademais dum cambio das espécies. Assi peixes exigentes de águas puras som substituídos por outros mais resistentes pero de peor qualidade piscícola (desaparecem as troitas, por exemplo, e proliferam os escalos e as bogas). Este fenómeno vê-se agravado




Foto: Xosé C. Albrós

(pestes) nas plantas com o conseguinte aumento no gasto de pesticidas, assi como unha maior incidencia da conta-

pola presenza da barragem que ilha as populaçõs dum e doutro lado da parede, diminuindo a diversidade genética e levando a degeneraçom das espécies. Aliás isto supom umha barreira infranqueável para as espécies migratórias: os encoros galegos figerom desaparecer dos nossos rios o salmom, a anguia, o sáballo, a lamprea, noutro tempo abundantes em todos eles.

Os rios galegos tenhem, em geral, pequenas variaçõs de caudal de tipo estacional. As espécies que vivem na ribeira, tanto animais como plantas, estam adaptadas a estas flutuaçõs. Pois bem, numha barragem destinada a um uso hidroeléctrico estas variaçõs som enormes o que impossibilita a adaptaçom destas espécies, e águas abaixo da barreira os cámbios de nivel som totalmente imprevisíveis já que estám ligados às necesidades da produçom eléctrica da empresa.

Um último problema é a incidência que nos ecossistemas costeiros poida ter a chegada dessa água de má qualidade, assi como os cámbios repentinos na salinidade producidos ao alterar-se imprevisivelmente o caudal, assi como o cámbio nas características dos sedimentos aportados polo rio. Conhecendo a importancia que os esteiros tenhem na manutençom da riqueza/marisqueira da ria, esta incidência sobre a produtividade dos bancos de Ogrobe, Cambados, etc...nom deveria ser infraestimada.

A BARRAGEM DE CALDAS NOM É NECESSARIA

A primeira justificaçom que se deu fazia referència à regulaçom das enchentes, mas no próprio projecto do encoro di que será totalmente ineficaz neste sentido, já que nas crescidas estám implicados outros rios. Tamém nas Directrizes do Plano Hidrológico Galiza-Costa aparecem umhas medidas prévias que haverá que adoptar (acondicionamento de margens, dragado do leito, eliminaçom de obstáculos, etc...) e que nom se tenhem realizado. Posteriormente pretendeu-se justificar para o abastecimento da comarca do Salnés, mas resulta que os alcaldes da mancomunidade tenhem manifestado publicamente que este problema já está na actualidade solucionado. Aliás, nas referidas Directrizes aparece um balanço hídrico para justificar a presença da barragem, que sobrevalora as necesidades de água. Assi, estima que as demandas industrial e urbana vam-se duplicar de aqui ao 2012, o que é claramente excessivo; tamém é extranha a alta demanda agrária que figura, quando a maior parte das regas dependen de extraçõs de poços, resultando lamentável que nom se tenham em conta as possibilidades que existem de economizar este recurso.

Todo parece indicar que a finalidade é a produçom de energia eléctrica. Assi desde a Junta já se tem reconhecido o uso hidroeléctrico do encoro, ainda que, segundo eles, para poupar-lle à Administraçom os gastos de construçom, já que os abonaria a empresa adjudicataria da barragem. Mas os intentos, já de antes, de embalsar a água do Umia para produzir energia eléctrica dam-lle força à nossa desconfiança, assi nos projectos do MOPU do ano 82 figuram dous encoros neste rio, um em Caldas e outro em Taboada e com essa finalidade (curiosamente igual número de encoros que recolhe o Plano hidrológico da Junta).

É importante portanto parar este projecto, porque em Galiza somos excedentários de energia eléctrica, polo que a sua produçom hoje nom justifica um impacto ambiental de tal magnitude. É importante pará-lo porque pode ser o primeiro dumha série de 22 encoros que o Governo Galego prevé realizar e que figuram nas directrizes do Plano Hidrológico Galiza-Costa, aos que lhe hai que sumar os que tem previsto o Ministério na bacia do Minho, que acabariam definitivamente cos nossos cursos fluviais.




Foto: Xan G. Marcos

ADEGA CONTRA O ENCORO DO UMIA

O POSICIONAMENTO DE ADEGA EN CONTRA DESTE ENCORO XA COMENZOU NAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO ANO 93 ÁS DIRECTRICES DO PLANO HIDROLÓXICO, ONDE SE OPUÑA ÁS BARRAXENS PROXECTADAS. DESDE ENTÓN ADEGA TEN-SE MANIFESTADO REITERADAMENTE EN CONTRA DO ENCORO DE CALDAS EN DIFERENTES NOTAS DE PRENSA, ASI COMO TAMÉN LLO TEM COMUNICADO ÁS COORDINADORAS ANTIENCORO.

MEMBROS DE ADEGA TEÑEN PARTICIPADO EN CHARLAS INFORMATIVAS EN CALDAS E MORAÑA, ASI COMO NUN VÍDEO ELABORADO POR ALUMNOS DA ESCOLAS DE IMAXEN E SON, E NAS MANIFESTACIÓNS CONVOCADAS POLAS COORDINADORAS.

A DELEGACIÓN DE ADEGA EN SANTIAGO ORGANIZOU DOUS ROTEIROS POLO UMIA NOS QUE PARTICIPARON NUMEROSAS PESSOAS, E NOS QUE SE VALORARON OS EFEITOS DO ENCORO.

CAMPOS DE GOLF VERDORES ENVENENADOS

Emilio Xosé Ínsua

É PATENTE A CONTRADICIÓN ENTRE O QUE ESGRIME A XUNTA DE GALIZA PARA FACER O ENCORO DO ÚMIA EN CALDAS, É DICER, OS SUPOSTOS PROBLEMAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA COMARCA DO SALNÉS DURANTE O VERAÑO, E O APOIO DA MESMA XUNTA E DO PARTIDO QUE A DETENTA Á CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE GOLF NO SALNÉS. NON É BALADI PENSAR QUE UN CAMPO DE GOLF É UNHA AUTÉNTICA SUPERESPONXA. O MANTEMENTO DUN CAMPO CON 18 FURADOS IMPLICA UN CONSUMO DUNS 1.500-2.000 METROS CÚBICOS DE AUGA POR HECTÁREA E ANO. O CONSUMO DIÁRIO DE AUGA DUN CAMPO DE GOLF ASI É O EQUIVALENTE AO DUNHA POBOACIÓN DE 8.000 HABITANTES... VELAÍ UN ELEMENTO DUN CICLO VICIOSO, QUE CON OUTROS MUITOS, COMO VEREMOS, LEVAN AO DETERIORO PROGRESIVO DOS NÓSOS RECURSOS NATURAIS.

Proliferan nos últimos tempos na nosa terra iniciativas conducidas á creación de novos campos de golf, que virian engadir-se aos xa existentes de Domaio, A Zapateira, Val de Rois, A Toxa, Ourense, Aeroclube compostelán e Aeroclube vigués. Entre estes novos proxectos destacan o dun campo de golf, con urbanización anexa incluída, nas ribeiras do Tea (Mondariz-Balneário e Pontearreas), no Condado, cunha superficie prevista de noventa hectáreas, e o da sociedade

"Chan do Fento" no Concello de Meis, en pleno Salnés.

A comunidade de Montes de Silván, presidida por Manuel Lafuente, celebrou en xullo de 1995 unha asemblea na que adoptou, por unanimidade, o acordo de ceder unha finca de cincuenta e tres hectáreas e vintecatros áreas (53'24 ha.) no Monte de Silván da Armenteira á Asociación Deportiva "Chan do Fento", con domicilio en Marin, representada por Antonio Grande Santos, Rafael Saenz-Díaz

Malvar e José Manuel Coego Buján. Esta cesión, por espazo de trinta anos, foi informada favorablemente pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes por resolución do 12 de setembro de 1995. Imediatamente despois, a asociación "Chan do Fento" efectuaría renuncia a esta cesión en favor da Fundación Pública Deportiva Monte Castrove, que se constituíu oficialmente a finais de febreiro, en Pontevedra. Dela forman parte, ademais da asociación "Chan do Fento", oito concellos



pontevedreses: Sanxenxo, Cambados, Meis, Meaño, Ribadúmia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Pontevedra.

A cesión da parcela citada comportaría a construción, a iniciar nun prazo máximo de dous anos, por parte da Fundación, dun complexo turístico-deportivo adicado preferentemente ás actividades de golf, natación e hípica. Como compensación, a Comunidade de Montes de Silván percibiría a cantidade de 260.000 mil ptas. mensuais, en concepto de canon, a partir do intre de inauguración do complexo. A maiores, os postos de traballo que xerarse a explotación do complexo deberían ser cubertos preferentemente por membros da Comunidade de Montes ou familiares, exceptuando postos técnicos e directivos. Esta

cesión inclúe autorización para utilizar os manantiais do monte e para canalizar, no seu caso, a chamada "Fonte do sapo".

O proxecto conta co apoio da Federación Española de Golf, disposta a achegar 20 millóns de ptas. cando se contraten e inícien as obras, segundo escrito con data de 16 de outubro do 96 da directiva federativa Emma Villacieros ao actual alcalde de Pontevedra, Juan Luís Pedrosa (PP), que aparece como un dos principais mentores político-administrativos da operación. Esta iniciativa de creación dun campo de golf en Meis está a ser presentada e defendida, efectivamente, polo Partido Popular en todas e cada unha das Corporacións municipais da comarca de Pontevedra e do Salnés. Cada concello, amais de integrar-se como tal na Fundación Monte Castrove, deberá achegar unha média de 100 ptas. por habitante, con base no Censo de poboación de 1995, resultando así as seguintes cantidades:

PONTEVEDRA	7.728.000
MARIN	2.568.900
POIO	1.376.500
SANXENXO	1.583.000
OGROVE	1.100.700
MEAÑO	550.700
RIBADUMIA	418.000
MEIS	508.700

VILANOVA	1.579.500
CAMBADOS	1.319.000
VILAGARCIA	3.402.200
CALDAS	943.000
PORTAS	338.600
BARRO	367.000

Note-se que o proxecto contempla partidas procedentes de Corporacións que aínda non aderiron á Fundación (Marin, Portas, Barro, Caldas, Poio) e de concellos que xa rexeitaron entrar na mesma (Ogrove). O financiamento deste proxecto completaría-se cos 100 millóns que arrimaría a Deputación de

Pontevedra e co contributo (aínda sen determinar, ao que parece) das diferentes Consellerías e Direccións Xerais da Xunta de Galiza, nomeadamente da Secretaría Xeral para o Deporte.

Invariabilmente, o proxecto de campo de golf de Meis ven sendo presentado nos plenos municipais en que se debate e nas declaracións dos promotores aos medios de comunicación como un grande atractivo para o turismo na comarca e como un dinamizador económico importantísimo para o comercio e a hostelería da zona. Tamén invariabilmente, tanto a oposición política (BNG, PSOE...) como algunhas entidades ecoloxistas da bisbarra (CES, ADEGA, SGHN, etc.) teñen achegado abondosos argumentos de réplica.

Desde unha perspectiva estritamente política, teñen-se sinalado nos diferentes plenos municipais celebrados até o de agora, fronte ao total apoio que lle presta o PP, algunhas das contradicións dun proxecto destas características. É, así e todo, chamativo que o PSOE manteña unha dobre postura segundo estea no goberno municipal ou non. Así en Sanxenxo e Vilagarcía apoiou o proxecto, mentres que en Ogrove, no goberno, e Cambados, na oposición, votou en contra. O BNG da comarca ven defendendo a mesma postura en todas as corporacións. Crítica o que considera falsas expectativas de incre-



Foto: Xan G. Muras

mento do turismo pola existencia dun complexo así na zona. Nen o campo de golf de A Toxa nen moito menos o de Domajo, ambos ben próximos, tiveron nunca esa virtude, sendo máis ben complementos, nunca pezas centrais, das instalacións e atractivos turísticos xa existentes.

Por outra banda, a política de recorte de subvencións e axudas para o deporte de base que están a practicar a maioría dos Concellos na comarca (como medida de suposta austeridade), sumada á caréncia de infraestruturas




Foto: Xan G. Muras

deportivas básicas, non casa demasiado ben con esta xenerosa dádiva a unha iniciativa que, en última instancia, só vai ser desfrutada por unha moi minoritaria parte da poboación, de alto poder adquisitivo, a teor das cuotas que se establecen inicialmente no proxecto da sociedade "Chan de Fento": 50.000 ptas de cuota de inscrición á unidade familiar e cuota mensual de 5.000 ptas./mes do titular (2.000 do cónxuxe ou parella e 1.000 por cada fillo maior de 18 anos e menor de 23).

O anteprojecto de Estatutos da "Fundación Pública de Interés Gallego Monte Castrove" que está a barallar-se nos plenos municipais como documento básico contén, a xuízo do BNG comarcal, un flagrante "déficit democrático": réxime de contratación do persoal suxeito ás normas do dereito privado, falla de control por parte dos organismos públicos, cargos de presidente e vicepresidente non electivos (reservados aos concellos de Pontevedra e Meis, respectivamente), exceso de atribucións á presidencia do Patronato xestor previsto, etc.

Desde a perspectiva do respecto ao medio ambiente e do impacto ambiental que produciría, tampouco o proxecto sae ben parado. A deforestación brutal que conleva un campo de golf, os perigos de contaminación que se derivan do uso constante de abonos quí-

**DEFORESTACIÓN BRUTAL,
ABUSO DE ABONOS QUÍMICOS,
PESTICIDAS E HERBICIDAS,
ALTÍSIMO CONSUMO DE
AUGA, ELIMINACIÓN DA ZONA
DE TODA UNHA FAUNA DIVER-
SA E MOLESTA... SON SÓ
ALGUNS DOS ASPECTOS
AMBIENTAIS QUE LEVAN
CUESTIONAR O PROXECTO**

micos, os efectos nocivos de pesticidas e herbicidas, o altísimo consumo de auga que impón unha instalación deste tipo, a necesidade de eliminación na zona de toda unha fauna diversa (teupas, arañas, vermes, lesmas, caracois, orugas...) co seu correspondente impacto nas cadeas alimenticias doutras especies, son, desde logo, só alguns dos argumentos que esgrimen os grupos ecoloxistas para cuestionaren o proxecto.

Non é doado saber, mesmo acreditando na hipotética boa fe e intención dos promotores, que hai exactamente detrás desta moda de creación de campos de golf. A impresión de servir de excusa para unha operación de especulación inmobiliaria acompaña, sen lugar a dúbidas, o proxecto de campo de golf nas ribeiras do Tea. No caso do golf de Meis, descartado a priori o móbil inmobiliario, todo parece indicar que se trata dunha enorme operación de "enxeñería político-financiera", co decidido apoio dalguns persoeiros do PP, na que un grupo de avezados sócios, os da sociedade "Chan de Fento", leva adiante unha iniciativa con certo engado (chamaría polo turismo, completaría a oferta da zona, daría postos de traballo..., etc.) onde todo é ganancia (os cartos pon-nos o erário público a través de varias administracións, a terra poñen-na os comeneiros de Meis, a xestión un Patronato debidamente "controlado", e así seguido...), os riscos son mínimos e o último dos factores tidos en conta, como sempre por desgracia, é a ecoloxía, o aproveitamento racional dos recursos e o respecto polo medio ambiente.

O Concello móvese.



*Móvese para cambiar a nosa cidade.
Móvese para resolver o problema do lixo.
Móvese para que disfrutes dos xardíns.
Móvese para mellorar a túa calidade de vida....*



e ti,

¿MÓVESTE?

CAMPAÑA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

CAMBIA CON FENE
ti decides.





PLANETA AZUL

**SOGAMA: UN FRAUDE
Á SOCIEDADE**

**ALTERNATIVA DE
ADEGA PARA A
XESTIÓN DO
LIXO**

**TRANXÉNICOS:
UN RISCO
INNECESARIO**

**LIÑAS DE ALTA
TENSIÓN**

**OBXECCIÓN FISCAL A
OS GASTOS MILITARES**



**PLANETA BLUE
MILTON NASCIMENTO**

Eu sou atlântica dor · plantada no lado sul · de un planeta que vê · e que é

A RECICLAXE DE SOGAMA: UN FRAUDE Á SOCIEDADE

asta con considerar a distribución das inversións (Táboa 1) previstas no Plano de SOGAMA (versión última, de novembro de 1996) para poder afirma que o plano de SOGAMA non ten nada de plano de reciclaxe, e que mesmo terá que ser modificado para atinxir os obxectivos da recente Lei de Envases.

Máis do 90% do investimento adica-se á recollida, transporte e tratamento do lixo por incineración, discriminando as opcións de prevención e reciclaxe.

TÁBOA 1. A DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO DO PLANO DE SOGAMA (IVE ICLUIDO, CIFRAS EN MILLÓNS DE PTAS).

	M Ptas%	
PREVENCIÓN (Redución, Reutilización)	1.114	2,7
RECICLAXE (Recollida Selectiva e Reciclaxe)	2.340	5,6
ELIMINACIÓN (*)	38.011	91,7
TOTAL	41.465	100

(*) Recollida conxunta convencional: 6.176 M Ptas; Estacións de Transferencia e medios de transporte: 2.731 M Ptas; Planta de elaboración de combustíbel: 7.392 M Ptas.; Planta incineradora: 21.712 M Ptas.

A RECOLLIDA SELECTIVA É MERAMENTE SIMBÓLICA.

O plano non contempla a recollida selectiva da materia orgánica (50% do lixo) nen dos elementos tóxicos e perigosos (nen siquera se menciona a recollida de pillas e baterías). Cita-se a recollida de papel, vidro e plásticos, pero os meios de recollida selectiva son claramente insuficientes. O número de contedores de recollida selectiva propostos por SOGAMA son os seguintes: vidro (518), papel (850), e plástico (1275); a densidade, en habitantes por contendor, resulta de 5.250, 3.200 e 2.100, respectivamente.

Unha recollida selectiva eficaz require ao menos un contendor por cada 600-1000 habitantes, no medio urbano, polo que a insuficiencia destes medios resulta clara. Esta insuficiencia resulta máis grave polo feito de que o 53% da poboación galega vive en núcleos de menos de 300 habitantes. O número de núcleos de máis de 300 habitantes está entorno aos 800, polo que a maioría destes núcleos non chegará ningún contendor, xa que a maior parte debe destinar-se ás 7 cidades máis grandes. O propio plano recolle a distribución proposta, segundo a cal a maioría dos concellos correspondelles entre 1 e 3 contenedores de cada tipo. Por exemplo, 259 concellos contarán con só 1 contendor de vidro, e 177 concellos con só 1 de papel. O número de concellos con 2 contenedores é de 37 e 71, para vidro e papel, respectivamente. Só 20 concellos contarán con 3 ou máis contenedores de vidro, e 36

con 4 ou máis de papel. Con este plano de recollida selectiva en orixen, a reciclaxe non superará con toda probabilidade o 5% do lixo total.

Por outro lado, é significativo comprobar como os concellos gobernados por partidos distintos do PP, e especialmente aqueles que contan con planos de recollida selectiva e reciclaxe sexan marxinados á hora do reparto de contenedores de papel e vidro. Mentres tanto, podemos ver os contenedores co indicativo de recollida selectiva utilizados para o lixo conxunto ou, como no caso de Teo (fotografía), podemos comprobar a instalación dun segundo contendor de vidro ao lado doutro que non se vacía. Claramente, fica moito camiño por andar, e o actual goberno da Xunta presenta-se como o principal obstáculo.



A VALORACIÓN DO CONSELLO GALEGO DO MEIO AMBIENTE.

En febreiro último comezou o seu traballo unha Comisión do Consello Galego do Medio Ambiente coa finalidade de elevar unha proposta ao pleno deste para a súa aprobación. Na Comisión, con maioría "oficial" participaron dous representantes ecoloxistas (ADEGA e SGHN) e dous representantes sindicais, que forzaron unha análise crítica do mesmo.

O contido do dictame aprobado finalmente polo Consello reflexa algunhas das principais eivas do plano de SOGAMA:

- Solicita incluír a elaboración de compost partindo de materia orgánica recollida en orixen.
- Valora inadecuados tanto o número como o tamaño e tipo dos contenedores definidos no plano para a recollida selectiva.
- Solicita a readaptación do plano de recollida ao medio rural.
- Solicita o sometimento das instalacións a Estudo de Impacto Ambiental.
- Considera insuficiente a lexislación española actual para evitar a contaminación procedente da incineradora.
- Pón de manifesto a elevada cantidade de cinzas voantes xeradas durante a incineración, e a falta de información sobre a súa caracterización e o tratamento que recibirán.

Ecoloxistas e sindicatos non aceptaron, porén, a valoración maioritaria de que o plano se atíña ás prioridades da Unión Europea, isto é, á alternativa dos 3Rs, o que levou a formular un voto particular sobre este punto.

O alcalde de Friol, representante de FEGAMP, criticou, a inaplicabilidade do plano ao medio rural. Precisamente, a

FEGAMP tiña feito en marzo un pronunciamento reclamando á SOGAMA e a Xunta un maior respecto polas opcións de xestión que os concellos e mancomunidades elixan, unha maior diversidade de tratamentos, e a retirada das cláusulas de SOGAMA que penalizan economicamente aos concellos se reducen a cantidade de lixo que actualmente (ou no momento de asinar o acordo) xeneran.

DENÚNCIA AMBIENTAL CONTRA SOGAMA.

O balanço ambiental do plano de SOGAMA presenta-se na Táboa 2, en comparación co da alternativa elaborada por ADEGA. O proxecto de eliminación, constituído polas estacións de Transferencia, Planta de Elaboración de Combustível e Planta Incineradora, presenta un forte impacto ambiental, por diferentes razóns:

- Nas Estacións de Transferencia: formación de organoclorados, xa que se prevé o tratamento con cloro das augas residuais sen depurar.

- Na planta de elaboración de combustível: volatilización de metais pesados (mercúrio, cádmio, etc. e xeneración de dioxinas. Preve-se secar o lixo sometendo-o a temperaturas de até 330°C con gases de combustión, entrando por tanto no rango de maior xeneración de dioxinas e furanos (250-500 °C).

- Na planta incineradora: as cinzas voantes atinxen a cantidade de 63.480 Tm/ano. Se a estas sumamos outras cantidades de residuos tóxicos e perigosos que se xeneran nas diferentes instalacións, o Plano suporía duplicar a cantidade de residuos tóxicos xenerados actualmente na Galiza (85.000 Tm de RTPs por ano).

A esta contaminación teríamos que sumar mais de dous millóns de Tm de fumes, que inclúen un mínimo de 1.750 Tm de gases tóxicos e 15.000 kg de metais pesados, aliás duns 45.000 m3/ano de augas residuais. Sen dúbida, a incineradora de SOGAMA en Cerceda converteríase na planta mais contaminante de toda Galiza.

A localización da incineradora en Cerceda, nunha comarca rural agrícola-gandeira, cunha poboación que se alimenta maioritariamente dos recursos locais (hortalizas, leite e derivados, carne...) crea un importante risco de aparición de cancros e outras enfermidades, por contaminación a través da

cadeia trófica. Ha de ter-se en conta que a principal vía de exposición de DIOXINAS, furanos e metais pesados é a ingestión de alimentos, cun elevado risco no caso de poboacións locais que se alimentan de produtos dunha zona (potencialmente) contaminada.

A Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC) decidiu recentemente incluír as dioxinas entre as substancias químicas que causan cancro. As conclusións do grupo de traballo da IARC, reunido en febreiro en Lion (Franza), indican que as dioxinas incrementan o risco de cancro de pulmón nun factor de 1,4,

e que ademais poden causar cancro en diversos orgaos.

Por todo iso, ADEGA presentou un escrito ante a Comisión Europea solicitando que non financie o plano de SOGAMA, por considerar que non se atén ás prioridades do 5º Programa de Acción da UE e que o plano significaría un forte incremento na xeneración de residuos tóxicos (RTPs).

ADEGA denunciou asimismo a contaminación procedente das

instalacións de SOGAMA en Cerceda, que provocaron a morte da vexetación nunha franxa duns 20 metros por un quilómetro de lonxitude. As análises realizadas deron como resultado unha elevada alcalinidade en toda o solo da zona afectada, cun pH superior a 12, comprobando-se a morte de arbustos e árbores, así como de varios animais.



PLANOS ALTERNATIVOS:

MORRAZO, BARBANZA, A CORUÑA...

Mentres o Plano de Recollida Selectiva do Morrazo segue diante o seu proceso de tramitación, outro grupo de concellos, agora do Barbanza, elaboraron un proxecto similar coa finalidade de optar por unha alternativa ao plano de SOGAMA. Estes concellos son Porto do Son, A Póvoa, Rianzo, Lousame, Muros e Brión, todos eles con gobernos alleos ao PP. A finais de maio os diferentes concellos tiñan tomado en pleno sendos acordos de aderir-se ao proxecto, polo que agardamos a súa consolidación.

Por outro lado, o Concello da Coruña elaborou en solitario un prego de condicións para o concurso aberto para a xestión do lixo no mesmo. A única referencia á alternativa preferida é que "as propostas deberán incluír un tratamento de reciclaxe da materia orgánica" (compostaxe). Mentres os responsábeis municipais afirman que será un plano de recollida selectiva e reciclaxe, a realidade é que o prego de condicións abre un concurso exclusivamente para o tratamento e eliminación dos RSU, indicando que os proxectos presentados se deberán axustar á recollida que se realice. Desta forma, a recollida fica fora do proxecto, e non alcanzamos a ver como se pode falar dun plano de reciclaxe que non vaia ligado á recollida selectiva. Os restantes concellos da Mancomunidade, que se adheriran a SOGAMA coa condición de instalar unha planta de Compostaxe e de potenciar a reciclaxe previa, entregando só o 45% do lixo a SOGAMA, teñen reclamado reiteradamente a elaboración dun plano Mancomunado conxuntamente coa Coruña, petición á que o goberno municipal da cidade fixo ouvidos sordos.

TÁBOA 2. BALANZO AMBIENTAL DO PLANO DE SOGAMA E DA ALTERNATIVA DE ADEGA.

	PLANO SOGAMA	ALTERNATIVA ADEGA
REDUCIÓN EN PESO (%)	76,6	74,3
REDUCIÓN EN VOLUME (%)	88,6	88,3
CONTAMINACIÓN:		
RESIDUOS TÓXICOS (Tm/ano)	87.468	7.500*
EMISIÓN GASES ÁCIDOS (Tm/ano)	1.750	0
METAIS PESADOS (kg/ano)	15.000	0
ÁGUAS RESIDUAIS (m3/ano)	44.890	0
CONSUMO DE ÁGUA (m3/ano)	1.656.000	REDUCIDO
CONSUMO DE FUEL-OIL (Tm/ano)	52.795	0
PRODUTOS QUÍMICOS (CAL, Tm/ano)	9.000	0

*Cantidade presente no lixo, recollida selectivamente en orixen.

ALTERNATIVA DE ADEGA AO PLANO DE SOGAMA

ADEGA elaborou unha alternativa global para todo o país, na liña do plano do Morrazo e da proposta elaborada para a Mancomunidade da Coruña (ver os dous últimos números de Cerna). A proposta de ADEGA considera tres tipos de comarcas: cidades (8 zonas), principais vilas (11) e pequenas vilas (18), diferenciando ademais as zonas rurais do ámbito urbano de cada unha delas. A proposta adapta a recollida selectiva e as alternativas de tratamento ás características de cada zona, procurando unha solución realista tanto desde o punto de vista económico como de viabilidade social en canto á necesaria participación cidadana.

O plano elaborado por ADEGA basea-se na separación en

orixe como mínimo de dúas fraccións: húmida ou materia orgánica compostável (MOC) e seca ou materiais inertes recicláveis (MIR), así como na recollida separada de todas aquelas fraccións tóxicas e dos voluminosos en Parques de Reciclaxe e Pontos Limpos. No rural potencia-se a autocompostaxe e a compostaxe a pequena escala, indo o Resto a vertederos controlados de inertes, tras a súa estabilización. Nas vilas e cidades opta-se por sistemas de compostaxe en planta, e pola recollida selectiva de diferentes fraccións inertes: papel/cartón e vidro en todo o territorio, mentres que nas cidades tamén se inclúe un contentor específico para envases lixeiros. De resultas, as cidades contarán cunha planta de clasificación de envases lixeiros, e as principais vilas cunha planta integral de reciclaxe.

A Táboa 1 recolle os meios e orzamentos do Plano, que conta ademais cun programa de sensibilización e outro de promoción de mercados para o compost e os materiais recicláveis, e a Táboa 2 os resultados esperados. A distribución de orzamentos é a seguinte: recollida selectiva (18%), compostaxe e reciclaxe (61%), tratamento e vertido controlado (21%). No horizonte 2005, este plano alternativo permitiría unha reciclaxe do 60%, ao tempo que acadaría unha redución en peso do 67% e en volume do 85%. Estes obxectivos incrementaríanse progresivamente durante o período de 15 anos de vixencia do plano. Por último a táboa 3 recolle os custos de xestión estimados por cada zona. A alternativa de ADEGA publicárase en detalle no número 3 de ADEGA-CADERNOS, incluíndo información específica sobre cada unha das 37 comarcas consideradas.

TÁBOA 1. MEIOS E ORZAMENTO DO PLANO ALTERNATIVO.

	NÚMERO	INVERSIÓN (M Ptas)
Recollida selectiva:		
Contentores de Papel/cartón	5562	334
Contentores de Vidro	5562	334
Contentores de EnL	2166	130
Contentores de MOC	35888	555
Parques de reciclaxe	95	910
Pontos Limpos	247	494
Camións P/C e EnL	112	1176
Camións Vidro	18	108
SUBTOTAL		4041
Reciclaxe e compostaxe:		
	Nº Plantas	Inversión(M Ptas)
Plantas de Compost (A)		2265
(B)	11	4928
(C)	1	356
Plantas de Biogás-Compost (A)	8	3523
Plantas de Selección EnL (A)	8	811
Plantas Selección MIR-Resto (B)	11	1631
SUBTOTAL		13514
Plantas de Tratamento e vertido (A)	8	1572
(B)	11	12
(C)	18	1961
SUBTOTAL		4743
ORZAMENTO TOTAL		22298

TÁBOA 3. CUSTOS DE XESTIÓN DO PLANO (Ptas./Tm RSU)*

Programa	Zona		
	A	B	C
1º (Concienciación)	500	500	500
2º (Promoción e Investigación)	685	500	330
3º (Recollida Selectiva)	5366	6000	7000
4º (Reciclaxe e compostaxe)	1117	1250	500
5º (Tratamento e vertido)	479	250	450
TOTAL	8133	8500	8808

* Os custos indicados refírense ás cantidades iniciais de RSU (e non ás fraccións correspondentes), pola que resultan aditivos.

TÁBOA 2. RESULTADOS DO PLANO ALTERNATIVO PREVISTOS.

HORIZONTE (ano)	2000	2005	2015
OBXECTIVO	MINIMO	MEDIO	MAXIMO
% RECICLADO	44,3	58,4	69,4
PERDAS ESTABILIZACIN RESTO	11,7	7,5	4,0
% A VERTEDEIRO DE APOIO	43,5	33,4	25,7
%REDUCIN EN PESO	56,5	66,6	74,3
% REDUCIN EN VOLUME	80,2	84,8	88,3

CAMPAÑA POR UN CONSUMO RACIONAL

A campaña organizada pola Federación Ecoloxista Galega (FEG) supuxo a edición dun tríptico informativo sobre as opcións de compra que xeneran menos lixo, baseadas no uso



de envases retornábeis, en levar a bolsa da casa (de tea), en evitar os envoltorios excesivos e os materiais tóxicos (PVC, bandexas de corcho sintético), así como na preferéncia polos produtos frescos e do país.

Este tríptico vai acompañado dunha tarxeta postal para remitir aos centros comerciais solicitando-lles a substitución dos materiais perigosos polos máis ecolóxicos e a súa colaboración na redución, reutilización e reciclaxe do lixo.

Asimemso, a FEG sacou unha bolsa de tea para a compra co lema da campaña. Unha campaña, por tanto, na que podes participar. Tarxetas e bolsas (bolsa a 500 ptas/unidade) podes adquirir-las a calquera dos grupos membros da FEG, ou nos locais desta e de ADEGA en Compostela. Neste momento acha-se en preparación un cartel sobre o mesmo tema, e no que se espera que colaboren diversas organizacións e colectivos.

CONTACTO: FEG (Federación Ecoloxista Galega),
Apdo. 949, 15080-Compostela. Tlf/Fax: (981) 575444
Exposición fotográfica itinerante:

O IMPACTO DOS ENCOROS NA GALIZA

Da man da obra fotográfica de Tino Martínez, Xacobe Meléndrez Fassbender, Xosé Varela Vilariño e MARGEN Fotografía, o colectivo ecoloxista CEMPÉS oferta este material dirixido aos centros de ensino, concellos e outras institucións e asociacións co obxectivo de promover a reflexión sobre o uso que a nosa sociedade fai da enerxía e as súas consecuencias sobre o medio natural e social, abrir o debate sobre a suposta necesidade de novos encoros na Galiza e para fornecer o desenvolvemento de asociacións con sensibilidade ambiental e, ao mesmo tempo, sensibilizar ás distintas institucións.

A exposición abrangue, entre outros, os seguintes contidos: A produción enerxética e a degradación da terra, o Meio Galego ameazado pola construción de novos encoros, as enerxías renovábeis e o impacto dos encoros sobre o ciclo da auga, a flora e a fauna, a paisaxe e o patrimonio. Ademais analiza os tres macroproxectos do Sela, Navia e Caldas. Ao material fotográfico engaden-se unha serie de textos breves que requiren unha mínima capacidade de

comprensión que se sitúa arredor dos 15 anos.

As organizacións e institucións interesadas en levar a exposición poden recibir máis información ou solicitar a mesma dirixindo-se ao teléfono 981.655055 (Xacobe) ou a:

CEMPÉS-Asociación Ecoloxista,
Apto.2.158 - 15080 A Coruña.

DENÚNCIA DO CONTURBÉNIO XUNTA-FENOSA

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) ven de editar unha tarxeta postal na que se recollen tres imaxes da Galiza real, todas elas relacionadas co grave problema ambiental da enerxía e da empresa que a monopoliza, FENOSA. As tres imaxes son: A Central Térmica de Meirama (chuvia ácida), un encoro (FENOSA participa en varios macroproxectos novos: Sela, Úmia...), liñas de alta tensión (contaminación electromagnética). Unha imaxe especular da central térmica de Meirama serve para denunciar o novo proxecto de central térmica INCINERADORA que SOGAMA (Xunta-FENOSA) queren instalar en Cerceda. A nova central clónica, feita a imaxen e semellanza de FENOSA, non só emitirá chuvia ácida, senon tamén metais pesados, dioxinas, furanos, etc. A tarxeta vai dirixida ao presidente da Xunta, ao que se lle fai saber que os galegos e galegas desexamos vivir nun país saudábel, non hipotecado por empresas como FENOSA.

CONTACTO: ADEGA, Rua de Touro 21-2º
15704-Compostela (Tlf./Fax. 981-570099)

EN DEFENSA DO FERROCARRIL

A Mesa pola Defensa dos Camiños de Ferro continua coas súas actividades de reivindicación de financiamento para o Plano de mellora aprobado polo Parlamento Galego. Teñense realizado asembleas nas localidades máis afectadas polo desmantelamento progresivo, e incorporado algunhas institucións a esta demanda. Nestes momentos está-se na fase de centralización das sinaturas recollidas, para remiti-las ao goberno central. ADEGA ten entregado á Mesa perto de dúas mill sinaturas.

Por outro lado, Renfe anunciou aos catro ventos a entrada en servizo para setembro do novo tren que reducirá lixeiramente o tempo dos percorridos na liña Coruña-Vigo. Fican



algunhas dúbidas sobre os avances que significa esta novidade: vanse incrementar os prezos, convertindo-o nun tren de executivos?, parará en localidades como Vilagarcía e outras onde hoxe o fan os rexionais express?, permitirá incrementar a frecuencia dos servizos, ou substituirá algún dos existentes?. Todo indica que sen unha mellora substancial nas vías, calquera modernidade deste tipo servirá de pouco.

PLANTAS TRANSXÉNICAS: UN RISCO INNECESARIO

por Elvira Cienfuegos

A actual situación de aplicación masiva de novas tecnoloxías de cara á produción de organismos clónicos e transxénicos, ten certo parecido cos inicios da enerxía nuclear: informacións parciais ou inconsciencia na sociedade, obxectivos pouco ou nada xustificadas, evidentes intereses económicos en xogo. E os perigos das aplicacións da enxeñería xenética tamén poden ser semellantes ós da enerxía nuclear; de iguais ós das armas nucleares os ten cualificado Rotblat, premio Nobel de Ciencia e activo detractor da proliferación de armamento nuclear.

A situación a día de hoxe é altamente desacougante: as patentes concedidas ou solicitadas en relación a organismos xeneticamente modificados son numerosísimas: só o número de plantas xeneticamente modificadas deben pasar do cento (no ano 94 eran 61, das cales 35 foran xa probadas no campo). Entre elas inclúese o millo, o arroz e o trigo, que xuntas conforman máis do 50% do alimento consumido no mundo. E hai que engadir a soxa, o tomate, o café, os plátanos, a vide, o algodón,...por citar os que se recollen con máis frecuencia nos medios de comunicación, pero máis parece unha lista "á carta": soxa resistente a un herbicida por certo, producido pola mesma multinacional que proporciona a soxa, tomates que tardan en madurecer, café sen cafeína ou con sabores diversos, plátanos con vacinas, uvas sen sementes, algodón resistente a insectos, etc., etc.

A primeira pregunta que cómpre facerse é: ¿Son necesarios tantos e tales organismos transxénicos?

Os donos das patentes argumentan, por exemplo, que servirán para producir máis e máis alimentos, para quitar a fame do mundo. Pero sabido é que o problema da fame vai máis alá dun problema de produción: a cuota láctea que se pretende aplicar en Galicia é por si mesma ilustrativa.

O que si está claro é que a introdución das especies transxénicas crearía unha dependencia da multinacional productora, que, cabe supoñer, outra vez beneficiaría ós

países ricos en detrimento dos países pobres, e mesmo dentro dos países ricos ós grandes produtores respecto dos pequenos.

Por outra parte, de implantárense estes cultivos transxénicos, a agricultura biolóxica tendería a desaparecer: os agricultores que quixeran seguir métodos tradicionais verían os seus cultivos contaminados polos xenes procedentes dos transxénicos ou polos produtos químicos utilizados neles.

En todo caso, a "creación" de organismos xeneticamente modificados está ligada a patentes sobre xenes de todo tipo de seres vivos, incluídas as plantas, e ó tempo prevése a restrición total a plantar ou comercializar sementes que non estean certificadas.

A segunda pregunta podería ser: ¿Que riscos plantexan?

Impredecibles. Pero á luz dos coñecementos actuais pódense albiscaar algúns relacionados co medio ambiente, coa saúde e coa economía

Os principais cambios realizados sobre plantas con técnicas de enxeñería xenética poden resumirse en 4 categorías:

a) Tolerancia a sustancias químicas tóxicas, como os herbicidas.

É o caso da soxa de Monsanto e do millo de Ciba-Geigy (agora Novartis). Representan no seu conxunto o 60% da experimentación. Moitas das patentes están en mans de industrias químicas ou agroquímicas, que esperan ver aumentada a súa venta de herbicida ó tempo ca da planta transxénica. O uso masivo de herbicidas pode contribuir á diminución de biodiversidade e pode producir resistencias, co conseguinte incremento no uso de outros herbicidas. As plantas tratadas poderían ter efectos sobre a saúde.

b) Resistencia a enfermidades ou pragas (25-30%).

É o caso do millo de Ciba-Geigy, resistente ó barrenador do millo por incluír un xene (o da toxina) do *Bacillus thuringiensis*, bacteria utilizada na loita biolóxica contra o insecto. A produción continua da toxina podería levar á resistencia do insecto, e non hai seguridade de que sexa inofensiva para outros insectos e aves beneficiosas.

c) Cambios no que poderíamos chamar "calidade do produto".

Por exemplo, retraso na maduración do froito. O aumento das alerxias, pola presenza de xenes absolutamente descoñecidos para o organismo humano, podería ser unha das consecuencias.

d) Adaptación a outras condicións ambientais, como por exemplo, tolerancia ó frío da vainilla

De entrada, significaría deixar sen ingresos a moitos países do terceiro mundo, hoxe exclusivos produtores polas súas condicións climáticas

En conxunto, e tal como manifestan moitos sindicatos agrícolas europeos, o mercado non está demandando tales produtos, senon que o mercado ten que se adaptar a eles. Os consumidores reclaman, cando menos, un etiquetado claro, o que polo de agora só é necesario cando existan



evidentes diferencias co produto natural. Os ecoloxistas, ademais das cuestións de saúde e de mercado, preocupa a biodiversidade e a "evolución dirixida" que supón a liberación ó medio de organismos xeneticamente modificados.

A pregunta, finalmente, ten que ser: ¿É realmente necesario liberar ó medio ambiente organismos xeneticamente modificados? Porque unha vez liberados ó medio, anque se comprobe que son nocivos para o medio ambiente ou a saúde ¿como se vai poñer coto a transferencia de xenos?

O CASO DO MILLO TRANXÉNICO DE CIBA GEIGY

Este millo tranxénico presenta resistencia ó herbicida "Basta", fabricado tamén por CIBA GEIGY para tratar as máis herbas nas plantacións de millo. Tamén presenta resistencia ó barrenador do millo (un lepidóptero, as súas eirugas consumen a cana). Por outro lado, contén un xen marcador de resistencia a ampicilina.

O glufosinato é o principio activo do herbicida Basta. Encontrause hai pouco que as plantas resistentes transfórmanse noutra molécula que no intestino dos animais pode retrotransformarse no herbicida. Parece ademais que o glufosinato é tóxico para microorganismos do solo.



O MILLO, O ARROZ E O TRIGO CONFORMAN MÁIS DO 50% DO ALIMENTO CONSUMIDO NO MUNDO. PATENTAR ESTAS PLANTAS XENETICAMENTE MODIFICADAS POLAS MULTINACIONAIS É DESACOUGANTE.

A resistencia ó barrenador do millo débese a un xen que produce a toxina BT. Os estudos de Ciba Geigy admiten a posibilidade de que permaneza activa no solo durante 9 meses e de que os insectos poidan desenvolver resistencia a ela. En todo caso, os estudos non son convincentes acerca da súa inocuidade para insectos non obxectivo.

A ampicilina é un antibiótico amplamente utilizado en medicina e veterinaria e témesse que a presenza do xene resistente á ampicilina poida favorecer o aumento de bacterias patóxenas resistentes: existen estudos que poñen de manifesto o paso de xenos de plantas a microorganismos e outros que amosaron a presenza de determinados xenos de alimentos en sangue.

Tampouco se ten probado a alerxenidade do millo tranxénico.

De feito na primeira consulta da Comisión Europea ós Países Membros, varios países opuxéronse: uns pola resistencia a insectos, outros polo xen da ampicilina, outros pola resistencia ó herbicida. Pero en Decembro de 1996 foi aprobada pola Comisión a súa comercialización. Non obstante, o Parlamento Europeo aprobou o 4 de Abril de 1997, por 407 votos a favor, 2 en contra e 19 abstencións, a suspensión da autorización da venda de millo tranxénico.

A POSTURA DE ADEGA

- PROHIBICIÓN DA INTRODUCCIÓN DA SOXA E DO MILLO TRANXÉNICOS EN GALICIA.
- MORATORIA Á LIBERACIÓN COMERCIAL DE ORGANISMOS XENÉTICAMENTE MODIFICADOS NO MEDIO AMBIENTE.
- ESIXENCIA DE ESTUDIOS RIGOROSOS QUE DEMOSTREN A INOCUIDADE PARA O MEDIO AMBIENTE E PARA A SAÚDE, A MEDIO E LONGO PRAZO, ANTES DE PERMITIRSE A COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS TRANXÉNICOS.
- ESIXENCIA DE ETIQUETADO CLARO E OBRIGATORIO DOS PRODUCTOS TRANXÉNICOS OU DOS QUE TEÑAN COMO INGREDIENTES TALES PRODUCTOS.
- PROHIBICIÓN DE PATENTES PARA SERES VIVOS E PARA O SEU MATERIAL XENÉTICO.
- LEXISLACIÓN QUE CONTEMPLE A RESPONSABILIDADE CIVIL DA INDUSTRIA OU INSTITUCIÓN QUE POLA APLICACIÓN DA ENXENIERÍA XENÉTICA SEXAN CAUSANTES DE PERXUICIOS AMBIENTAIS, DE SAÚDE OU ECONÓMICOS.
- INVENTARIO MUNDIAL DE LIBERACIÓNS Ó MEDIO DE ORGANISMOS XENÉTICAMENTE MODIFICADOS E SISTEMA DE ALARMA PRECOZ DE PROBLEMAS XENERADOS.

ENTREVISTA A PEDRO COSTA MORATA

por Carlos Vales

Pedro Costa Morata é un dos homes históricos do movemento ecoloxista do Estado Español. Cando o ecoloxismo estaba nos seus comezos organizativos, cunha bagaxe teórica moi baixa, os escritos e libros de Pedro Costa criticando a política nuclear foron claves para dotar de argumentos aos movementos sociais ascendentes, como era o caso do movemento ecoloxista galego e, tamén, xusto é recoñecelo, do nacionalismo que se estaba a aglutinar arredor da Asamblea Nacional-Popular Galega e que sería o que, en boa medida, dinamizara a oposición antinuclear en Galicia.

Esa faceta de teórico ou de técnico perfectamente formado de Costa Morata é moi coñecida por nós xa que, nos primeiros tempos de ADEGA, cando se estaba dando a batalla para impedir a construción de unha central nuclear en Xove, perto da Alúmina, él foi un dos asíduos ás conferencias e mesas redondas que permitiron informar á poboación do absurdo e perigoso de aquel proxecto. As Mesas redondas coa presenza de Pedro Costa, de Domingo Quiroga -o primeiro presidente de ADEGA- e de Ramón López Suevos, en salóns abarrotados de público, son a referencia da paisaxe social de algunha das vitorias máis importantes do ecoloxismo no noso país, a de gañar a batalla nuclear.

Agora volvé a estar entre nós, invitado polos veciños de Merza, mobilizados contra unha línea de alta tensión que, trazada entre Lindoso e O Mesón do Vento, lles están construíndo sobre as súas casas. Aproveitamos a súa nova visita a Galicia para facerlle esta entrevista para Cerna.

Pregunta: *¿Qué opinas do tema de Merza?*

Resposta: O de Merza é un caso máis de rebelión popular fronte a un problema que, desde o punto de vista tecnolóxico e medioambiental, é moi novedoso. Desde o punto de vista científico, non hai un acordo que estableza claramente a relación causa-efecto entre campos electromagnéticos e danos fisiolóxicos. Pero o corpo humano é un corpo eminentemente eléctrico, como xenerador de numerosas frecuencias e como receptor extremadamente sensible, polo que se debería actuar con prudencia. Ademais, o que acontece en Merza ten o seu envilecemento particular, porque é o resultado da modificación máis ou menos pirata do trazado orixinal claramente ocasionada por intereses particulares.

P: *¿Cal é a tua visión da situación nuclear no Estado Español agora mesmo?*

R: Agora mesmo hai en funcionamento 9 reactores nucleares, en 5 emplazamentos, cando o programa orixinal era de máis de 30. Vintentanos anos despois é a proba de que aquel programa era desproporcionado. Ademais, xa de aquela decíamos que había problemas non resoltos en tecnoloxía nuclear, esencialmente o dos resíduos radiactivos, e estes agora mesmo xa son o problema, en todo o mundo. Non hai sitio onde poñelos porque os requisitos son moi altos e porque ninguén quere soportar o depósito definitivo no seu municipio ou na súa vila.

P: *¿Cómo valoras a situación enerxética, de forma máis global?*

R: A primeira crise que vivimos nos anos 73-75 non se aproveitou para facer un cambio na estrutura enerxética, que segue a ser moi ineficiente, porque o incremento na xeneración do PIB sempre conleva un incremento maior no consumo enerxético. Isto debería terse modificado por vía técnica e por cambios nas pautas de consumo da poboación, pero non se fixo nada nos últimos anos para reducir o consumo, pese a que esa era a política de toda a CEE.

P: *¿Qué opinión che merece a creación e o funcionamento do ministerio de Medio Ambiente?*

R: Ao crear o ministerio mantúvose a promesa electoral, pero claro, como non respondía a un convencimento político, resulta que é máis ineficaz e está menos dotado economicamente que o que antes se levaba desde unha simple secretaria de estado e, por outra parte, se puxo ao fronte do ministerio a unha das persoas menos dotadas para ese cargo, digamos que meteron ao lobo dentro do redil e, claro, o resultado é unha carnicería.

P: *¿Cales son, na tua opinión, os problemas ambientais máis candentes agora mesmo?*

R: Eu estou moi preocupado a todos os niveis pola tremenda nocividade que ten a filosofía neoliberal. Por exemplo, a política antiinflacionaria a ultranza é unha política antiecolóxica porque impide que se repercutan os costes ecolóxicos nos precios en calqueira ponla da produción. En canto aos problemas



sectoriais, estamos nun momento no que temos que reivindicar o máis elemental do medioambiente, a auga que bebemos, o ar que respiramos, o solo que pisamos e do cal obtemos os nosos alimentos, porque estos tres elementos están degradándose máis e máis.

P: ¿Cómo valoras, nun sentido amplo, a situación do movemento ecoloxista?

R: Creo que hai unha progresión de fondo. Cando un grupo chega aos 20 anos, significa que xa ten superado todas as probas, significa que no esencial temos gañado. Tamén creo que a sociedade é máis libre politicamente agora, pero ao mesmo tempo fomos descubriendo que

PREOCUPAME A TRENDA NOCIVIDADE QUE TEN A FILOSOFÍA NEOLIBERAL

a democracia ten tantas trampas, ten tantos fallos, que xa non é un ben absoluto. O sistema capitalista é esencialmente desequilibrador e xenera desigualdades. O outro día decia Cáritas que son 8 millóns os españois que entran dentro da categoría de pobres. Este sistema so pode funcionar si é sobre o desequilibrio. Tamén creo que, aínda que o movemento ecoloxista se ten adaptado, sen embargo segue a conservar un vigor que o fai, realmente, o máis libre que existe agora mesmo na sociedade. É certo que os tempos cámbian, e os líderes teñen agora 20 anos máis que antes, por eso aos líderes hai que substituílos.

DEBATE EN MERZA

EFEITOS DAS LIÑAS DE ALTA TENSIÓN

Manuel Soto Castiñeira.

Os viciños de Merza afectados polas liñas de 400.000 voltios de Rede Eléctrica Española (REDESA) contaron coa presenza de dous especialistas na materia: o enxeñeiro Pedro Costa Morata, e o médico e profesor da Universidade de Santiago X. Miguel Barros de Dios. A rede en cuestión ten por obxecto transportar enerxía eléctrica de FENOSA desde Meirama a Portugal, e ao seu paso por Merza rodea a vila formando unha semicircunferencia, cruzando nas proximidades de numerosas vivendas, nalgúns casos a poucos metros.

Pedro Costa Morata brindou aos viciños a súa experiencia forxada en parte na Galiza dos anos 70 cos problemas como os da central nuclear de Xove, a Alúmina, ou os encoros, e mais recentemente en problemas causados por liñas de alta

tensión en diversas zonas do Estado. Precisamente, Pedro Costa Morata é autor do libro "...." de recente aparición.

Pedro Costa acercou-nos ás tres vías principais polas que os campos electromagnéticos poden incidir sobre os organismos vivos: afectando á glándula pineal que regula os bioritmos e a actividade día-noite, afectando á mobilidade do cálcio a nivel celular, factores ambos que indirectamente están relacionados coas defensas contra o cancro ou coa súa xeneración. A terceira vía é a incidencia directa sobre o ADN, que na súa opinión non se pode negar con rotundidade. A complexidade do asunto pon-na de manifesto o feito de que a mobilidade do cálcio poda incidir a través de oito fenómenos diferentes: a división e proliferación celular, a permeabilidade da membrana, o transporte iónico a través da membrana, as funcións enzimáticas, a excitabilidade neuronal, a secreción exocrina e endocrina, a liberación de neurotransmisores, e a contracción muscular. Os efectos son por tanto múltiples.

Pola súa banda, X. Miguel Barros de Dios alertou sobre a lectura que se ha de facer dos informes científicos, na consideración de que a ciencia non é neutral. Centrou-se na descripción de diversos casos estudados, resaltando unha revisión publicada pola prestixiosa revista Environmental Health Perspectives onde se di que "o papel de promotor dos campos electromagnéticos parece real e os seus efectos foron mostrados entre outros sobre as enzimas responsábeis do crecemento". Cando menos hai efectos sobre a proliferación celular e, por tanto, incidencia no cancro..

Miguel Barros considera que o efecto máis claramente mostrado é o da leucemia infantil, existindo un número de estudos suficiente que conprovan a causalidade. Un estudo realizado en Taiwan mostra que a o risco de leucemia en individuos que viven a 50 metros de liñas de alta tensión é de 2,3. Dá-se por tanto unha probabilidade claramente maior. Cando menos, é necesaria a precaución. Non queremos negar ao progreso nen ficar sen enerxía eléctrica, pero se sabemos que debaixo mesmo dunha liña a intensidade de campo é de 30, e desplazando esa liña a 50 ou 100 m podemos-la diminuír nun factor elevado, entón, ¿que se opón a esta toma de precaucións?. Esa é a cuestión", conclue Miguel Barros.



OS CRUZADOS DA INCINERACI3N E OS INFIEIS DA RECICLAXE

Xabier Abalo Costa, Alcalde do Concello de Moaña.

A Escola Galega de Administración P3blica (EGAP), celebrou en Santiago de Compostela, os d3as 18 e 19 de marzo, un "Seminario sobre Pol3tica Ambiental", coa asistencia de numerosas persoas e a participaci3n de cualificados relatores neste campo.

O seu contido xirou ent3rno 3 pol3tica ambiental europea, o medio ambiente, a explotaci3n ecol3xica dos residuos, os instrumentos de xesti3n ambiental, o marco conceptual do medio ambiente e as directrices da pol3tica estatal. Pechaba o seminario unha mesa redonda sobre a pol3tica ambiental na Comunidade Aut3noma Galega: planos de actuaci3n. Nela se prev3a a intervenci3n dos Directores Xerais de Obras P3blicas, Industria, Montes e Medio Ambiente e mais o de Sa3de P3blica. Desgraciadamente, para un auditorio que reservaba as s3as inquedanzas cara a agardada pr3sencia da Conseller3a de Pol3tica Territorial, Obras P3blicas e Vivenda (CPTOPV), pola repercusi3n do Plano SOGAMA no medio ambiente galego e na poboaci3n en xeral, ningun membro desta Conseller3a acudiu para responder 3s preguntas e interrogantes que foron desprend3ndose das distintas conferencias.

O profesor alem3n de Constituci3n Municipal e Dereito tributario da Escola Superior de Administraci3n P3blica de Ludwigsburg, Dr. Konrad Faiss, versou sobre a explotaci3n ecol3xica dos residuos, facendo historia do tratamento dos residuos s3lidos urbanos (RSU) en Alema3a. Afirmou que, actualmente, a intenci3n pol3tica alem3na se concentra prioritariamente en evitar os residuos e, se son inevitables, reciclalos; a eliminaci3n (sic) de residuos est3 a ser a 3ltima de todas as opci3ns, incluso a incineraci3n. A cidade de Stuttgart ti3a previsto construír antes do ano 2005 tres incineradoras mais das que te3en; hoxe, a decisi3n 3 que non se van construír.

Seguiu a afirmar o Dr. Konrad que a Lei Federal alem3na de econom3a c3clica, baseada en volver utilizar o lixo xerado establece como conceptos 3nicos 'o residuo para reciclar' e 'o residuo paara eliminar', e d3 clara prioridade a todos os esforzos posibles na 'prevenci3n de residuos'. A Lei de econom3a c3clica fai fincap3 na responsabilidade polo produto ao ter que desenvolver, producir, transformar ou elaborar, distribuír ou utilizar bens procedentes da industria de producci3n. A idea estriba en centrarse na utilizaci3n repetida e na prolongaci3n da vida t3cnica dos bens econ3micos, as3 como na s3a preparaci3n para a reciclaxe e a s3a eliminaci3n ecol3xica.


A Lei de econom3a c3clica disp3n que determinados pro-

ductores e tenentes de residuos poidan delegar as s3as obrigas no tratamento dos RSU a terceiros: compa3as privadas, asociaci3ns para este fin ou entidades construídas polas corporaci3ns de autoxesti3n da econom3a. Non obstante, as corporaci3ns rexionais das comunidades seguen a manter a responsabilidade global polo tratamento dos RSU. A pesar de todo, nun recente procedemento administrativo, as federaci3ns de comunidades -os Lander- t33ense pronunciado en contra deste modelo pola sospeita de que a industria privada tan s3 se faga cargo daqueles aspectos do tratamento cos que obte3en beneficios. Ser3a interesante -reflexionemos- ver o paralelismo entre a delegaci3n de responsabilidades no tratamento dos RSU en Alema3a, coas sospeitas e pronunciamentos aludidos, e o papel de Uni3n Fenosa no Plano de SOGAMA, diante da cruzada cuasi relixiosa que te3en emprendido persoas do Partido Popular na s3a defensa ultra, como Palmou, Cuf3a ou o propio Fraga.

**OS LANDERS ALEM3NS
SOSPEITAN QUE A INDUSTRIA
PRIVADA S3 SE FAR3
CARGO DAQUELES
ASPECTOS DO TRATA-
MENTO DOS RESIDUOS
COS QUE OBTENEN
BENEFICIOS. POR ELO,
CUMPRE REFLEXIONAR
SOBRE O PAPEL DE
UNI3N FENOSA NO
PLANO DE SOGAMA.**

Un seminario dabondo importante e interesante, cunha guinda frustrante: a ausencia de calquera representante de CPTOPV que puidera manifestar a s3a opini3n diante dos graves problemas sociais que est3 a provocar a formulaci3n do plano SOGAMA ou co3ecer como contemplan os cruzados das empacadoras e da incineraci3n a existencia de proxectos alternativos como o do Morrazo, atinxindo aos concellos de Moaña, Cangas e Bueu, con mais de 50.000 habitantes, nunha 3rea ent3rno aos 200 km2, que conta cun proxecto de preto de 800 mill3ns de pesetas e unha subvenci3n europea do 70%.

Todo elo fainos pensar se non ser3a recomendable acadar un pacto pol3tico parlamentario que garanta e apoie a execuci3n de proxectos alternativos como o do Morrazo ou establecer con moito sentido com3n a modernizaci3n da planta de reciclaxe de Moug3, para os concellos de Ferrolterra, con independencia do plano SOGAMA que, cando menos, mirarf3se desde unha perspectiva mais real e menos partidaria. Non deber3an estes planos contar coa axuda econ3mica e a colaboraci3n da Xunta, en lugar de seren acosados polo boicot partidario do PP e acometidos polos cruzados da incineraci3n e das empacadoras?





ECONOMICAMENTE INACTIVAS

Ramona Barrio Rodríguez

sa é a consideración que na clasificación da poboación teñen as case 300.000 mulleres galegas que se adican a realizar as tarefas dos fogares.

A primeira pregunta que podemos facernos é se as tarefas domésticas constitúen un traballo ou non. Se acudimos aos dicionarios o concepto de traballo non é moi restritivo. Mais na literatura económica apenas se lle concede importancia ou atención a outro tipo de traballo que non sexa o traballo directamente incorporado á produción de mercancias. A presión do diñeiro é tan forte que leva á non consideración económica de todos aqueles traballos que están fora do circuito traballo-mercancia. Aínda que o traballo doméstico, como reprodutor da condicións materiais de existencia, sexa o máis elemental dos traballos, isto non impide que se considere como inactivo e improdutivo.

PARTICIPACIÓN DE HOMES E MULLERES

Son varios os estudos que se teñen publicado analizando a participación de homes e mulleres nas tarefas dos fogares e que cuantifican as horas de traballo doméstico dos homes con traballo remunerado e das mulleres con ou sen traballo remunerado.

A participación masculina no traballo doméstico é ben pequena. Os homes participan máis en tarefas esporádicas, de curta duración, mais relacionadas coa técnica, de resultado inmediato. Na participación masculina inflúen a idade (os máis participativos teñen entre 24 e 35 anos), os estudos (os universitarios serían o grupo máis igualitario no fogar), e o traballo fóra da casa da muller.

Mentres que os homes contribúen con aproximadamente unha hora diaria do seu tempo ás tarefas dos fogares, as mulleres con traballo remunerado sobrecargan a súa xornada laboral adicando case cinco horas diarias ao traballo doméstico. Esta sobrecarga de traballo ten repercusións moi negativas para as mulleres: menos tempo de ocio, maiores dificultades de promoción fóra do fogar,...

SON OS PAISES EN VIAS DE DESENVOLVIMENTO OS QUE MÁIS INCORPORAN O VALOR DA ACTIVIDADE DOMÉSTICA NAS SUAS CONTAS

AS PREOCUPACIÓNS POLA PRODUCCIÓN DOMÉSTICA

Desde principios deste século son moitos os debates que se teñen producido sobre a consideración económica do traballo doméstico. Atopamos precursoras e precursoras destes debates nos estudos de Westley Mitchel, Margaret Reid, Cairncross,... Como un dos máis relevantes temos que sinalar os da Nova Economía da Familia (NEF) nos anos 60. A NEF xurde como un programa de investigación co obxecto de dar resposta aos problemas da teoría neoclásica, estudando á familia non só como unidade de consumo senón tamén de produción. Nos anos 70 e 80 interveñen nesta polémica autoras que proceden do pensamento marxista sendo críticas co mesmo(1).

A VALORACIÓN ECONÓMICA DO TRABALLO DOMÉSTICO

A separación entre as actividades de subsistencia e as relacionadas coa produción mercantil prodúcese coa chegada do capitalismo. Cada vez máis bens adquiren-se como mercancias, e a produción doméstica, que proporciona moitos dos bens necesarios para o consumo inmediato, ten categoría de traballo invisíbel, sen importancia e complementario. É unha actividade non mercantil, sen prezo, sen remuneración e excluída das Contas Nacionais.

Estes feitos motivaron unha preocupación pola medición da produción doméstica e levaron á utilización de distintos métodos:

- 1.- valorar o traballo feito na casa igual ao deixado de percibir por non acceder ao traballo remunerado fora da casa.
- 2.- valoralo igual ao custo que tería contratar os servizos dunha persoa empregada do fogar.
- 3.- valorar cada unha das funcións realizadas no fogar ao prezo que ten un servizo equivalente no mercado. Etc

Estes sistemas de valoración teñen-se utilizado para estimar o valor económico da produción doméstica, co obxectivo de mudar as Contas Nacionais. Son moitas as críticas que se fan ás Contabilidades Nacionais e aos indicadores(2) que se derivan de-la: non ter en conta a produción non monetarizada nen a economía somerxida, non valorar a calidade na produción, ou a pretensión de reflectir o benestar sen ter en conta o deterioro ambiental na calidade de vida.

A ONU ten feito algunha recomendación, a partir do ano 1986, para que se inclua a produción doméstica nas contas nacionais, mais a pesar dos moitos estudos(3) que se teñen feito para avaliar a produción doméstica e a súa incidencia na contabilidade nacional, nengunha se modificou para incorporar-lle este valor. Algúns países, como Francia, contabiliza algunhas actividades non monetarias, pero son os países en vías de desenvolvemento os que máis incorporan o valor da actividade doméstica nas súas contas, debido á importancia das actividades de subsistencia neles.

Poderíamos ter que discutir cal dos sistemas de cálculo é o máis adecuado, mais aínda estamos lonxe de que se teñan en conta a calidade do producido, o deterioro ambiental ou a produción doméstica. Aínda segue sendo necesario facer visíbeis os traballos das mulleres.

OBXECCION FISCAL ÓS GASTOS MILITARES

por Agustín Bueno Rodríguez.

BREVE ACLARACIÓN

Os movementos pacifistas teñen acuñada unha frase xa moi coñecida, é aquela que dí "nin un home, nin unha muller, nin unha peseta pra guerra".

A Obxección de Conciencia, é dicir, a negativa a facer algo que nos impón a lei, por considerar que vai en contra das nosas propias conviccións, ten diversas maneiras de concretarse. Así a Obxección de Conciencia ó servicio militar quere facer realidade a primeira parte da frase citada ó principio, "nin un home nin unha muller....pra guerra".

A Obxección de Conciencia aplicada ós impostos ou trabucos, trata de facer efectiva a segunda parte da frase "...nin unha peseta pra guerra".

A esta modalidade chámasele Obxección de Conciencia Fiscal ou, abreviadamente, O. F.

COMO SE FAI.

De tódalas situacións distintas que se poden presentar á hora de face-la declaración da renda, só se pode facer Obxección Fiscal propiamente dita, no caso de que teñamos que ingresarlle diñeiro a Facenda (con independencia de que finalmente a declaración da renda salga a pagar ou a devolver).

Neste caso teríamos que deducir o 5% da cantidade a ingresar, por ser esta a porcentaxe que se estima lle corresponde ós gastos militares.

En xeral o movemento de Obxección Fiscal recomenda facer só unha deducción simbólica, unha pequena cantidade, a non ser que se estea debidamente asesorado.

Sempre se debe acompañar un recibo, polo importe deducido, que acredite que dita cantidade foi entregada a unha entidade de carácter social, cultural etc.

OUTROS CASOS.

En tódolos demais casos non se pode facer propiamente O. F. pero sempre debemos expresar con toda claridade a nosa oposición ó gasto militar no caso, claro está, de que sexa esta a nosa maneira de pensar

Cada un pode facelo na forma que lle pareza mais adecuada. O movemento de O.F., tratando de darlle unha mínima coherencia a estas expresións, elaborou unha carta, que se acompaña neste número, e que se adapta a todas as situacións.

O POR QUE DA CARTA.

A carta é un berro de liberdade.

Independentemente de que, polas razóns que sexa, non queiramos nun momento dado facela O.F., está claro que é un auténtico disparate invertir ás cantidades astronómicas que se están a investir, en gastos militares e deixar en segundo plano, ou ignorar totalmente, os gravísimos problemas que se citan na carta e moitos máis que se poderían engadir.

Os poderes públicos estannos obrigando, estannos forzando, a facer algo contra o cal clama a nosa conciencia e o máis elemental sentido común.

Ante esta situación, de auténtica dictadura de guante branco, témolo dereito e o deber de dicir a nosa palabra en favor da Xustiza, en favor da Paz.

Por iso, dende o movemento de O.F. animámosvos a todas e a todos a que presentedes a carta, ca vosa declaración da renda, como expresión desa liberdade que queremos acadar. Liberdade de que os nosos cartos, froito do noso traballo, sexan empregados pra Paz e non pra guerra.

SR. DELEGADO DA FACENDA

Eu, con DNI nº

quero manifestar ante o GOBERNO a miña mais enérxica repulsa contra os cada vez mais elevados GASTOS MILITARES, que pagamos toda-las persoas a traves dos trabucos.

Paréceme demencial que, mentres aumenta a xente que padece moitas necesidades tanto na nosa sociedade coma no TERCEIRO MUNDO, o noso GOBERNO? teña aumentado o PRESUPUESTO MILITAR nun 9%, deica acada-la astronómica cifra de 1.578.457.000.000 (máis de BILLON E MEDIO de ptas).

O GASTO MILITAR é superior ó gasto que fan conxuntamente os Ministerios de: Asuntos Sociais; Educación e Ciencia; Cultura; Agricultura, Pesca e Alimentación

A intención do GOBERNO do PP é continuar na mesma liña, deica casi duplica-lo GASTO MILITAR nos próximos anos, pra crear un exército profesional e meternos definitivamente na OTAN.

Non podo aturar mais que se continue primando o interese militar por riba dos verdadeiros problemas que padece a sociedade:

- 3 millóns de persoas que están no paro
- 8 millóns de pobres
- O Medio Ambiente cada vez máis deteriorado
- A carestía da vida
- A política insolidaria e agresiva contra ós países pobres
- O aumento de bolsas de marxinação entre mozos, mulleres, anciáns, inmigrantes,.....
- O deterioro dos servizos que atenden as necesidades sociais mais básicas: educación, saúde, traballo, pensións,.....
- dadeiras necesidades.

Co envío desta carta adxunta ós papeis da Declaración da Renda, desexo poñer de manifesto a miña oposición pública, pacífica i-enérxica á política militarista e anti-social que leva a práctica o GOBERNO co diñeiro de todo-os cidadáns, e ESIXO QUE OS MÁIS DE 4.300 MILLÓN DE PTS. QUE DESTINA CADA DIA Ó GASTO MILITAR, SE EMPREGUEN NAS NECESIDADES SOCIAIS MÁIS ANGURIANTES E QUE, NO CAMPO INTERNACIONAL, ESPAÑA SE SITUEN NUNHA LIÑA DECIDIDAMENTE PACIFISTA.

Santiago, ade.....de 1997

Se non tes que facer declaración da Renda, pero queres facer algo pola PAZ, tamén podes colaborar: Compra os impresos da declaración da renda e presentaos, sen cubrir e acompañados desta carta, no Rexisto de Entrada da Delegación ou Subdelegación de Facenda que che corresponda.

Cada día, a natureza está máis amiazada e máis degradada.

A contaminación e os residuos fan casi imposible unha vida san.

O modelo económico baseado no consumismo leva ao esgotamento dos recursos naturais de todo o planeta, extendendo a probeza e a fame en enormes rexións. O equilibrio ecolóxico do planeta está en perigo: camada de ozono, efecto invernadoiro e cambio climático, amiaza nuclear, desertización, redución da biodiversidade...

Cumpre actuar xá. Na Galiza tamén. Fai-te sócia/o

PARA A DEFENSA DA NATUREZA COLABORA CON ADEGA

SE ES SÓCIO...

- Das-lle forza ao ecoloxismo e fas posíbel os seus proxectos de defensa da natureza.
- Apoias unha vía alternativa de desenvolvemento ecolóxico e galego.
- Loitas contra a contaminación dos ríos e os mares, do solo e do ar.
- Favoreces a conservación dos espazos naturais, da flora e da fauna.

E ADEMAIS...

- Recibirás pontualmente CERNA, Revista galega de ecoloxía e medio ambiente.
- Estarás ao día a respecto das actividades que organiza Adega nas que, cando non sexan gratuítas, terás desconto.
- Poderás beneficiarte dun desconto no material bibliográfico de que dispón a Asociación.

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Rúa de Touro, 21 - 2º
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf. y FAX: (981) 570099

Apelidos Nome
Data de nacemento Profesión NIF
Enderezo: Rúa C.P.
Localidade Provincia Teléfono

CUOTAS

Inscripción como Socia/o

(inclúe a suscripción á revista "Cerna")

- Xuvenil, estudantes, parados (750 ptas./trimestre)
- Normal 1 trimestre (1.500 ptas.)
- Normal 1 ano (6.000 ptas.)
- Superior (indicar cantidade:.....Ptas.)

Suscripción á revista "Cerna"

- Suscripción anual (4 números) 1.500 ptas.

Suscripción a "Adega Cadernos" (só domiciliado)

- 600 ptas./número. (Para sócios/as 300 ptas./número)
(Periodicidade estimada 2 números por ano)

FORMA DE PAGO

- Ingreso na conta de Caixa Galicia N.º 2091 0300 40 30 40119852, enviando xustificante do mesmo
- Xiro Postal N.º Data
- Domiciliado

Banco ou Caixa
Sucursal/localidade
Núm. de conta
Titular

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Asdo.:.....

homem mata o lobo homem . e olha o olhar do homem que é o seu igual.

PEDIDO DE MATERIAL DE DIVULGACIÓN

REMITIR O PRESENTE BOLETÍN DE PEDIDO A:

ADEGA

Rúa de Touro, 21 - 2º · 15704 Santiago de Compostela · Tfno. e Fax: (981) 57 00 99

Cantidade Relación de materiais e prezos (para socios/as de ADEGA: desconto do 15%)

LIBROS (Gastos de envío: + 200 ptas.)

- Os Resíduos Radioactivos. Ameaza no presente e para o futuro* (300 ptas)
- Xornadas de Educación Ambiental* (400 ptas)
- Celulosas e Progreso* (400 ptas)
- Eucaliptos, Celulosas e o Forestal Galego* (1.100 ptas)
- Baldaio, espazo protexido* (1900 ptas)
- Guia da Aves de Galicia* (3.100 ptas)
- Forgoselo, espazo natural* (2.300 ptas)
- O Lobo, a extinción de especies e outros ensaios sobre conservación* (2800 ptas)
- Os Bosques Atlánticos Europeus* (1895 ptas)
- O Resíduos na Galiza: Impacto ambiental e alternativas de tratamento* (2600)
- Contaminación atmosférica. I. As Centrais Térmicas. A Choiva ácida* (Guia didáctica;)
- Guia das árbores e bosques de Galicia* (3900 ptas)
- Guia de espacios naturais de Galicia* (2840 ptas)
- Guia e Rutas dos Ancares* (2990 ptas)

REVISTAS ADEGA-CERNA (Gastos de envío, 1 exemplar: +100 ptas.; 2 ou mais exemplares: +200 ptas.):

- Adega nº 1 , 2 , 3 , 4 , 5 ;
Cerna nº 6 , 7 , 8 , 9 (200 ptas./exemplar)
Cerna nº 10 , 11 , 12/13 , 14 , 15 , 16 , 17 ,
Cerna nº 18 , 19 , 20 (300 ptas./exemplar)
 COLECCIÓN COMPLETA REVISTAS ADEGA-CERNA (nº 1-20): 3.000 ptas.

ADEGA CADERNOS (Gastos de envío, 1 exemplar + 100 ptas; 2 ou mais exemplares: +200 ptas):

- Minicentrales Hidroeléctricas e Enerxia Eólica na Galiza* (600 ptas.)
- A Economía e a Ecoloxía do meio mariño* (600 pts.)

OUTROS CADERNOS (Gastos de envío, 1 exemplar: +100 ptas.; 2 ou mais exemplares: +200 ptas.):

- A Ecoloxia do Meio Mariño* (2ª ed., 300 ptas)

FOLLAS INFORMATIVAS/TRIPTICOS (200 ptas. por lote completo, incluídos gastos de envío)

- Roteiros ecolóxicos*
- Reciclaxe de residuos e incineración*

Por un pedido superior á 1000 ptas, recibirás GRATIS o segundo número de ADEGA-CADERNOS, co título de "A ECONOMÍA E A ECOLOXÍA DO MEIO MARIÑO" (Historia da pesca, situación dos caladoiros, aproveitamento dos residuos...).

- Pola seguridade das nosas costas (o "Cason")*
- Celulosas na Galiza*
- As nosas árbores*
- Contaminación fluvial*

DOSIERS (Gastos de envío, un ou máis exemplares: + 100 ptas)

- Vivir sen nucleares* (100 ptas.)
- As centrais térmicas: As Industrias mais Contaminantes de Galicia; Choiva Ácida: Problema Grave do Meio Ambinete Galego* (100 ptas.)
- O "Mar Exeo": Marea Negra na Coruña* (100 ptas.)
- Celulosas de Pontevedra: 30 Anos de Degradación Ambiental* (100 ptas.)
- Incineradora non: Materiais Didácticos sobre Incineración* (100 ptas.)
- Foro Alternativo: As Outras Voces do Planeta. 50 Anos de BM-FMI* (100 ptas.)
- Historia e Alternativas para os Camiños de Ferro da Galiza* (100 ptas)
- As Contas de Bens: Catástrofe e Impacto Ambiental do Vertedeiro da Coruña* (100 ptas.)

CAMISETAS ADEGA (1.000 ptas.)

- Modelo A, Talla M* (de cor branca, con anagrama pequeno de ADEGA diante)
- Modelo A, Talla L* (de cor branca, con anagrama pequeno de ADEGA diante)
- Modelo B, Talla M* (de cor branca, con anagrama grande de ADEGA detrás)
- Modelo B, Talla L* (de cor branca, con anagrama grande de ADEGA detrás)

FORMA DE PAGO

- Ingreso en Caixa Galicia Cta. N.º 2091 0300 40 30 40119852, enviando xustificante do mesmo
- Xiro Postal N.º Data
- Domiciliado
Banco ou Caixa
Sucursal/localidade
Núm. de conta
Titular

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa de Galicia (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación

Asdo:.....

Subscribe-te a CERNA e recibirás GRATIS o Caderno: "A Ecoloxía do Meio Mariño"

Quem sabe a festa chega à floresta · e o homem aceita a mata e o animal

COCIÑA

BROTOS DE SOXA E DE ALFALFA

DA-LLE UN TOQUE DE ALEGRIA E DE FRESCOR ÁS ENSALADAS E AOS BOCADILLOS !

Os xerminados de soxa e de alfalfa son moi fáceis de combinar con varios tipos de comida crua ou cocida. Aportan vitaminas A e K, potásio, calcio, fibra e proteínas e son pouco calóricos. Teñen tamén a ventaxe de seren económicos dado que se poden xerminar na casa a partir de pequenas cantidades de favas de soxa ou de sementes de alfalfa. Estes poden-se atopar facilmente en tendas dietéticas e inclusive nalgunas tendas de ultramarinos.

Para xerminar a soxa e a alfalfa :

Hai que deixar os graus a remollo en auga



morna durante un día inteiro. O segundo día, hai que lavá-los ben.

A continuación colóca-os nun frasco de vidro a boca ancha tapado por unha tea e pásalos debaixo da auga corrente tres veces ao día. Tardarán a xerminar de 4 a 6 días según a temperatura ambiente. Conven colocar o recipiente no cuarto de máis calor. Conservan-se uns días na neveira nunha caixa de plástico. Non se deben expor a luz do sol. Os brotes de soxa deben-se tomar brancos e non deixa-los tornarse verdes.

Poden-se mercar tamén frescos a granel ou ben en frascos de vidro.

ALGUNHAS IDEIAS :

ENSALADA DE BROTOS DE SOXA CON FAVAS VERMELLAS

Para 4 persoas :

- 120 g de favas vermellas
- 150 g de brotes de soxa
- 100 g de champiñóns
- 1 pimento vermello
- 1 tomate
- perixel
- limón
- aderezar on aceite, vinagre, salsa de soxa, sal e pimenta negra.

Corta o pimento e os champiñóns crus en pedazos pequenos. Bota un pouco de limón aos champiñóns. Engade os brotes de soxa. Mistura todo e adereza a ensalada. Adorna con perixel freco por encima. Xa está lista !



ENSALADA DE PASTA CON SALSA DE IOGURTE GREGO.

Para 4 persoas

- 250 g de pasta italiana.
 - 200 g de brotes de soxa
 - 1 tomate
 - 1 pimento vermello
 - 1 pimento verde
 - meio pepino
 - 1 dente de allo
 - 1 guindilla en vinagre
 - 1 iogurte grego (iogurte enriquecido con nata)
 - 2 cucharada soperas de mahonesa (facultativo)
- Deixa enfriar a pasta cocida antes de misturá-la coas verduras troceadas e os xerminados. Adereza, mistura ben e sirve esta deliciosa ensalada moi fresca.


ENCRUCILLADO EX.II.

HORIZONTALS.- 1. Que manexa perfectamente ben as dúas mans. 2. Rexio. Os dun credo son. 3. Quedounos o barco atrapado na costa.

4. Ao revés, asasina. Poño o nariz a funcionar. Vocal pechada.

5. Produto importantísimo para a conservación dos alimentos antes do conxelado. Sinal de vitoria. Símbolo químico do sódio. 6. Pretérito do verbo lavar, en primeira persoa, tal e como se di na Arousa. Prefixo negativo. 7. Pra voar. Plantígrados. 8. Cincuenta. Recollen-se polo San Miguel. Negación. 9. Nota musical, ao revés. Elemento espúreo nun topónimo de capital galega, a pesar do alcalde. Cántame. 10. Nome de revista ecoloxista galega. Adeus, abur.

VERTICAIS.- 1. Hainas a moreas na Lanzada. Deixa de darlle á sen óso dunha vez. 2. Infusión. Derradeira letra. Hai que tela para crer. 3. Peixe da caldeirada de Noiteboa. Símbolo químico do rádio. 4. Ao revés, país africano. Primeira letra. Ventre. 5. Cincocentos. Cincuenta. Sinal da vitoria. Deus dos musulmanos. 6. Emanacións de bo aroma. 7. Peza poética medieval. Nas enquisas, abreviatura do que non sabe. Ao revés, abreviatura dos novos discos. 8. Teño medo. Ao revés, composición musical que identifica. 9. Corrente de auga. Ao revés, ensinan. 10. Personaxe bárdica inventada polo escocés Macpherson, admirada por Pondal. Prefixo que significa novo.



Quem sabe a riqueza? • E toda a beleza estará nas mesas da Terra do Sul.

PINTA DE CORES O LAGARTO DAS SILVAS



XULLÁN CUBA

Lagarto das silvas (*LACERTA SCHREIBERI* B.), lagarto de tres cores, querido amigo:

Abraíachesme dende o primeiro día que te vin, ó pasar un regato por un pontigo de madeira: tiñas azul a cabeza e a gorxa, verde con pintiñas negras o corpo e pardo o teu longo rabo. Tan intensas, as túas cores semelláronme fluorescentes.


Souben que podes vivir en parella no mesmo territorio. Déixaste ver desde as primeiras horas da mañá: os machos saídes do letargo a finais de febreiro e as femias unhas tres semanas máis tarde. Estas, despois de se emparellar, poñen os ovos por xuño e os novos lagartiños nacen en agosto ou setembro. Tes uns 25 cm. de cabeza á punta do rabo -son máis grandes e pesadas as femias- e unha dieta de caracois e insectos. Eu podo testemuñar, ademais, que non desprecias a empanada.

Es presa de aves rapaces, xenetas e martas. Endémico do cadrante noroccidental da península ibérica, das zonas húmidas, en Galicia andas ademais noutros ambientes: soutos, valados e lindes de camiños, zonas de silvas, mato e xestas. Tes un parente próximo no lagarto arnal ou ócelado (*LACERTA LEPIDA* D.), aquel lagarto verde, moteado de negro, co ventre e a garganta amarelentos, ó que lle canta a nosa xente:

Lagarto arnau
lagarto arnau,
comécheslle as papas
ó teu irmau.

Quen queira saber máis de ti, pode consultar a guía dos anfibios e réptiles de Galicia, de Pedro Galán e Gustavo Fernández. Pero agora píntame de cores.

CULTURA ACTIVA



PROMOVER AS ARTES,

IMPULSAR AS CIENCIAS

E DIFUNDIR AS LETRAS

É O NOSO PROXECTO CULTURAL.

INTERESANOS A CULTURA ACTIVA.

 **CAIXA GALICIA**

OBRA SOCIAL

A PROBLEMÁTICA DA CONTAMINACIÓN POR XURRO

Isabel Torres e Fernando Malvar

A LEXISLACIÓN DA COMUNIDADE EUROPEA.

Na lexislación europea existe xa unha preocupación por regular, aunque sexa mínimamente, os riscos de contaminación das augas por actividades agrarias.

de boas prácticas agrarias" que han de poñer en marcha os agricultores co fin de reducir nitratos, e por último a establecer "programas de actuación" para evitar que a Materia Orgánica engadida non sobrepare os 170 Kg. de Nitróxeno por ano e Hectarea.

seguintes cauces as de maior risco (polas chuvias, pendente, carga gandeira): Ouro, Anllóns, Ulla-Arzuva, Arnego, Eo, Tambre, O Barco, Mariña (Arteixo), Xallas, Eume, Neira, Avia.

O CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS AGRÍCOLAS.

Respecto ao "código de boas prácticas" habería que definir a racionalización da "aplicación ou vertido do purín": días que non chova, evitar escorrentia, aplicar dende a primavera ata o outono (ou no inverno si leva 15 días sen chover). Ademais recoméndase non pisotear despois da aplicación, analizar a pendente, distribuír gradualmente a Materia Orgánica nas fincas (non pasar de 170 unidades de N por Ha e ano), utilizar cultivos demandantes en Nitróxeno.

A FOSA DO XURRO.

Respecto a "fosa", é importante impermeabilizala, construíla baixo terra (máis quente), e dunha dimensión adecuada para que o valeirado se efectue 2-3 veces por ano (sendo a produción de 10-12 m³ por vaca por ano, o cálculo é relativamente sinxelo). Deste xeito aumenta o tempo que permanece o purín na fosa o que implica redución do poder contaminante do Nitróxeno e do Fósforo, ademais de diminuír os patóxenos que en 5 semanas baixan o 90%.

É preferible a fosa aberta, con entrada de ar, evitando así os accidentes causados pola intoxicación dos gases, protexida da chuva (tellado) e pechado o acceso con alambre, por exemplo.

Recoméndase diminuír o abuso de auga de limpeza ou mesmo desviar ésta a un filtro verde que se realiza

facilmente canalizandoa cara filtros de grava, gravilla e area fina ou mesmo cun estanque de lirios acuáticos e outras plantas que serven de filtro biolóxico.

Tamen se pode recurrir ao uso de sistemas alternativos:




Foto: Yan G. Murras

Inda que o problema surge en zonas de Europa con moitos mais problemas de contaminación agraria difusa, a alta concentración de gando en determinadas conchas galegas fai que o problema sexa tamén noso. E non é un problema estritamente ambiental, xa que del pódense derivar medidas restrictivas da CEE á produción. Ocurriu algo similar cas medidas hixiénicas no leite: empezaron a falar, a recomendar (bacterias, M.G...) e posteriormente aplicaronnas. Neste intre o tema dos nitratos esta na fase de recomendación.

Dentro das medidas agroambientais que veñen de Europa, topámonos ca Directiva 91 sobre protección de augas contra a contaminación producida por Nitratos procedentes de fontes agrarias. Este Real Decreto obriga ás Comunidades Autónomas a definir "zonas Vulnerables" de sufrir contaminación xa sexa pola abundancia das pendentes, pola carga gandeira existente ou por outras causas. Tamen obriga a elaborar un "código

A SITUACIÓN NA GALIZA

A nosa CCAA inda non elaborou ningún documento ao respecto, pero na Galiza témonos que decatarse de que o problema existe.

Só dicir que o 54% dos pozos e manantiais non son potables, por contaminación de Coliformes fecais ou Estreptococos procedentes de pozos negros mal deseñados ou inexistentes e puríns. As augas subterráneas, regatos, ríos contaminados por exceso de Nitróxeno teñen o problema da "eutrofización" : o Nitróxeno fai medrar as algas de forma excesiva, as algas requisan O₂ da auga que comparte cas troitas e peixes e estes morren axfisiados.

Respecto á definición de "zonas vulnerables" do Real Decreto xa se ten feito en Galicia unha ordeación de conchas galegas polo risco de contaminación por vertido de puríns, sendo as

NA GALIZA TÉMONOS QUE DECATAR DE QUE O PROBLEMA EXISTE: O 54% DOS POZOS E MANANTIAIS NON SON POTABLES.

- Mixto: recoller a parte máis sólida das dexeccións cunha pá, des-viando o resto á fosa


- Fosa dobre: que separa sólidos de líquido manténdose o sólido durante tempo suficiente para sua correcta descomposición:

- Uso exclusivo do esterco: recollido ca pá frontal do tractor e compostar nun espacio estanco (2 paredes) mixturando con material vexetal (toxo mesmo). O sistema de recollida do toxo pódese inxeniar (en Galicia estase utilizando unha sega-

dora de discos adaptada e unha rotoempacadora para a recollida).


A AGRICULTURA SEN TERRA.

Mencionaremos, por último, o caso da gandeiría sen terra (porco, aves, cebadeiros...) onde a problemática da xestión da Materia Orgánica agrávase ó non ter terra onde botala. A solución máis doada nestas gandeirías que soen estar asociadas (tipo COREN) e onde xa teñen a comercialización e a elaboración do pienso de forma cooperativa, sería pasar á cadea de distribución tamén a xestión da Materia Orgánica. Centralizar este abono, compostalo e "xestionalo" (vendelo a fruticultores, por exemplo).



FOSA DOBLE. O Xurro entra no primeiro tanque, no que se forma unha costra sólida flotante. Cando o nivel supera a altura do tabique que separa o primeiro tanque do segundo, a costra escorre para este último. O líquido do primeiro depósito ha de retirar-se periodicamente, antes de que pase ao segundo.

AS ABELLAS, POLA SÚA ACTIVIDADE POLINIZADORA, SON IMPRESCINDIBLES PARA A AGRICULTURA E O MEDIO AMBIENTE



A "FESTA DA ÁRBORE".

ORIXE E PRIMEIROS PASOS

Xosé A. Fraga



Na escola de Cee cantábase, entre os anos 1916 e 1920, e aínda estaba vivo na década dos 40, polo menos na de Toba, o seguinte "Himno al árbol":

*Cantemos al árbol que voy a plantar,
si Dios lo protege del hombre y del viento
salud y riqueza dará (bis)*

*Para el aire puro campestres aromas,
para el caminante regaladas sombras,
templará los rayos de la luz del sol
y entre sus ramas formarán las aves
sus nidos de amor.*

*Cantemos al árbol con veces de paz y de amor,
defiéndalo el hombre, protéjalo Dios (bis).*

Cancións como esta eran interpretadas por miles de rapaces e rapazas por todas as escolas galegas, celebrando unha xornada peculiar, "A Festa da árbore". Unha actividade que acadou un gran espallamento e atención no período previo á Guerra civil e que despois sobreviviu con oscilacións, para acadar a forma actual de "Día forestal mundial". A celebración con-

cretábase en formas moi variadas, nas que semella que foi comun a plantación de árbores e as cancións, que, vistas desde unha perspectiva actual poden semellar posúer uns contidos inxenuos, moralistas, ... De todos os xeitos, coidamos que experiencias deste tipo son antecedentes interesantes de concepcións modernas sobre ensino e medio ambiente, a tan repetida Educación Ambiental e pode merecer a pena pescudar as múltiples e diversas que se desenvolveron pola Galiza. Neste primeiro artigo sobre o tema imos referirnos á orixe e primeiros pasos da antedita "Festa".

O interese pola árbore ten unha historia moi longa e noutros artigos que publicamos nesta revista ollamos a posición de autores como Antonio Valenzuela ou Ramón de la Sagra sobre o tema da forestación. Cóntanos Vicente Casals que foi Rafael Puig i Valls, enxeñeiro xefe do Distrito forestal de Barcelona, Girona e Balears quen introduciu no Estado español a "Festa da árbore". Puig era unha personalidade salientábel da vida catalana de fins do XIX e principios do XX; ademais de sobresainte forestal, e outras

ocupacións, foi durante tres bienios presidente da Real Académia de Ciencias e Artes de Barcelona e Comisario rexio na Exposición Universal de Chicago (1893). A "Festa" tiña a súa orixe en 1872 en EE.UU. e a finalidade consistía en desenvolver unha iniciativa orientada á recuperación dos montes polo grave proceso deforestador sufrido por Norteamérica perante o proceso de asentamento de colonos nas novas terras.

A importación norteamericana non debe considerarse extraña. Nas derradeiras décadas do século XIX os enxeñeiros de montes españois manifestaran un considerábel interese polo que alí acontecía. Estabeleceronse relacións bastante estreitas cos seus forestais, nomeadamente con Franklin B. Hough, o criador da administración forestal estadounidense, sobretudo a raíz da estancia naquel país de José Jordana en 1876-1877, e do que resultaría un libro no que se fala por vez primeira do día da árbore. Co gallo da Exposición universal de Chicago de 1893, Puig percorreu os Estados Unidos, onde coñecería de perto as

adiantadas preocupacións dos colegas americanos e uns anos despois, en 1898, lanzou a iniciativa da celebración no Estado español da "Festa da árbore".

Semella lóxica a intervención de Puig na iniciativa, pois á súa condición de enxeñeiro forestal sumábase a identificación coa corrente de ideas que nesa época tentaba dar a coñecer a Natureza por medio do fomento do alpinismo e da actividade excursionista. Nese sentido, tamén foi iniciativa súa a creación en Barcelona dun "Club Alpino", que despois daría lugar á formación da "Asociación Catalanista de Excursiones Científicas". A data de lanzamento da idea da "Festa" foi o 21 de setembro de 1898, día en que Puig publicou en "La Vanguardia" o artigo "La Patria y el Arbol. Síntesis de un proyecto y de su inmediata ejecución", texto reproducido despois en diversas publicacións. Coa proposta pretendía favorecer o desenvolvemento das zonas forestais da Península, protexer a agricultura, inducir ao aproveitamento racional das augas, ... Para iso, establecía un premio de 500 pts., que pagaba el mismo personalmente, á mellor Cartilla forestal escollida en concurso público para a súa utilización nas escolas como meio de concienciación e formación do alumnado. Os mestres deberían responsabilizarse da celebración cada ano da "Festa da árbore", consistente na plantación de árbores polos escolares, de xeito que o rapaz fose educán-

dose no respecto ao vexetal para que ao converterse en cidadán continuara nesa actitude. O éxito da "Festa" foi grande e en anos sucesivos de Barcelona espallouse a resto do Estado

cia de constituir unha potencia mundial de segunda orde. Esas circunstancias favoreceron unha boa acollida á iniciativa. De feito, a proposta encaixaba moi ben co movemento rexeneracionista xurdido nesas datas.

Joaquín Costa, impulsor do movemento, foi membro da Asociación de Amigos da Festa da Arbore de Barcelona, que presidía Puig, e escribiu numerosas publicacións relativas ao tema. A árbore viña a converterse, nesta perspectiva, no símbolo da arelada rexeneración. Por outra banda, no ámbito educativo, onde se desenvolveu a celebración, a proposta encontraba tamén un ambiente favorable á súa acollida entre os docentes interesados nunha reforma educativa, partidarios do "ensino intuitivo" impulsado pola Institución Libre de Enseñanza (ILE). Nese ensino propúñase que o alumnado entrase en contacto directo cos seres e fenómenos naturais, o que supuña a realización, como elementos básicos da aprendizaxe, de actividades prácticas, as leccións de cousas e as excursións instrutivas, os paseos escolares, a creación dos museos escolares

e gabinetes científicos a partires de colleitas propias e o cuestionamento do papel tradicional e reverencial do libro de texto,... Na Galiza, os docentes defensores desas teses recolleron con especial interese iniciativas como a da "Festa"; en artigos posteriores poderemos seguir algunhas desas experiencias.



español. En 1914 o Real Decreto de 16 de outubro conferíulle carácter oficial en todo o territorio, sendo o Corpo de Enxeñeiros de Montes o encargado da súa organización.

Non é casual a coincidencia do lanzamento da idea en 1898 co momento de crise provocada pola desfeita do império colonial español, de concien-



Productos do Campo e Gandeiría Biolóxicos (sin pesticidas, hormonas, manipulación xenética...).

Alimentos naturais. Saude. Hixiene. Enerxías. Bioconstrucción. Artesanías. Música. Libros. Revistas. Roupa. Calzado. Turismo Rural.

BioCultura 97
Semana Verde Internacional
Feria de Alternativas y Calidad de Vida

MADRID DO 7 O 10 DE NOVEMBRO
(Pabillón de Cristal Casa de Campo)

DE 10 A 20 H. Organiza a Asociación VIDA SANA

ENTRADA ~~600 Pts.~~

Obsequio para os lectores de CERNA

XAVIER SEOANE:**O CANTO GOZOSO DA TERRA (EII)**

Emilio Xosé Ínsua

NUNHA ENTREVISTA CON LINO BRAXE (O CORREO GALEGO, 16-X-1994), XAVIER SEOANE DECLARA: "EU PENSO QUE NA NATUREZA ESTÁ TODO, ESTÁ A NOSA ORIXE, O NOSO SER, E A TRAVÉS DELA PODEMOS ESCOITAR AS VOCES MÁIS PROFUNDAS QUE EMANAN DO NOSO ESPÍRITO. O HOME CONTEMPORÁNEO VIVE NUN DRAMA PERMANENTE POLA PERDA DESTE PARAÍSO". ASIMESMO, NO NÚMERO 8/9 DA REVISTA LUZES DE GALICIA (OUTONO-INVERNO 1987-88), O NOSO AUTOR AFIRMA: "NA GALIZA, PARA BEN OU PARA MAL, A TODOS NOS ASOMA VINTE, OU CORENTA, OU CEN ANOS ATRÁS, UN LABREGO OU O ORVALLO NA XENALOXIA FAMILIAR, TONA ESPONXOSA, ESTERCO DEITADO, FUME NOS CASAIS"

Ambas declaracións son dunha claridade meridiana e axudan a entender ese recendo panteísta, esa fonda identificación e ese constante diálogo coa natureza que existe na poesía de Xavier Seoane. Como se le no libro *Eu tamén oín...*, publicado en 1994 polo noso autor, "Se pasar unha brisa, e orear, / ese sería o sentido / de a vida deliciar-nos. / Se o paxaro dicir o seu trémulo canto, / eis, amigo, o poema / do home ao despertar".

Mais esa natureza ten nome propio, Galiza, unha terra que está, en palabras de Seoane, "chea de emanacións, é unha terra moi forte". En *Os bosques encendidos*, libro escrito en parte durante unha estadia do seu autor en París, hai un poema que reflexiona sobre a imposibilidade de traducir axeitadamente a outros idiomas a sensación de pertenza a unha terra e a unha fala como a nosa:

*"eu veño dun país de erbas sulagadas
e carrizas que medran nos valados
cómo, allea,
entrañábel amiga,
teimar de che explicar
máis alá de grafías pronuncias e sintaxes
a imaxe recatada
que pechan país, erba, carriza ou sulagado?"*
(...)

Na paisaxe hai significados ocultos, transcendentales, que comunican ao individuo cunha historia e cunha comunidade anerga, como se deduce destes versos de *Presencias*:

*"sei que este claro val que abrangue a miña
ollada
é a cova dos devanceiros dos meus pais
e ese mar aí parado
leva milleiros de anos enterrando cadáveres
(...)"*



O noso poeta vai reiterar ao longo da súa obra o seu convite á contemplación da natureza, até conseguir chegar á fusión con ela. Como moi ben sinala X.L. Axeitos, no seu prólogo a *O canto da terra*, hai na poesía de Seoane unha especie de "panteísmo amoroso que leva a unha fusión vital da natureza e o ser humano":

*"mira as árbores trespasadas
e a luz branca
a sombra contra o muro
do portal
o mar azul
a raíz nervuda
o faro ensimesmado
o pan a ave a montaña
mira o horizonte
devolver-che a mirada
mira o río mirar-te"*

O poema titulado "Abre os ollos" insiste nesta perspectiva:

*"abre os ollos
ante o descoñecido que canta
libera as tuas mans
sé raíz agarra
deita-te ao sol
recebe
inmensamente o espazo
coroa-te do amor do
firmamento
da paz leve da água
arde na arxila
ama"*

O motivo destes chamamentos non é outro que a confianza do poeta en que vai ser da natureza de onde o ser humano extraerá as maiores belezas, as plenituds máis fondas, as certezas: "nada máis supremo que as asas abertas / da pomba sobre o océano". A natureza é, como sinala pertinentemente o prologuista de *Regreso e advenimento*, Francisco Salinas Portugal, o "repositorio de sensazóns onde se alimenta o eu lírico, a obsesión de transcendencia":

*"nunca ninguén me dará mais
que o sol sobre as follaxes
que a acerada ledicia
na humedecida entraña
da terra branda (...)
nunca ninguén
me dará máis
que a águia celeste sulcando a imensidade
que o delfín esvarando na água ideal
do oceano branco"*

Non é de estrañar, pois, que o ser humano debeza en realidade esa fusión coa natureza da que vimos falando:

"o home sonoro soña cara adiante
 cunha fontenla noviña onde os paxaros
 rachen o silencio do espello cos seus biqui-
 ños brandos
 debece que as prumas arrastradas
 pola airexa dos máis vellos carballos
 rematen nun poirento silencio que non cala
 debece
 que os seixos á beira do camiño
 sexan palabras humanas
 arroxadas en troques de sorrisos abertos
 como olladas
 debece
 o encontro co mundo calado
 das raigañas e da árbore"

A muller amada, Fátima, representa mellor ca ninguén esta comunión, como proclaman estes versos de A caluga do paxaro:

"Fátima escoita a chuvia nas mazairas
 cando o día abre cedo a súa roca chagada
 e as labercas estenden as súas asas
 no silencio gozoso da mañá
 Fátima sente a airexa na súa entraña
 cando a súa doce saía abanea de vagar
 e os peitiños reloucan cal paxaros
 escondidos no seio, amedrentados
 Fátima vai ao cruce e de alí baixa
 arrecendendo a nau cara o céspede maino
 das boscaxes lonxanas que invitan a zarpar
 Fátima escoita alí a queixume dos paxaros
 e sente que a súa gorxa se estremece cantando
 deitada sobre a arume, co peito a latexar.

O propio poeta acada en ocasións ese estado de fusión coa natureza, case místico, perfectamente descrito nestes versos de O canto da terra:

"cala-me a luz até o fondo do ser
 a chuva empapa-me as raíces por dentro
 inundo-me de gozo contemplando a maceira
 florescer
 sinto unha aura de graza nas criaturas
 terrestres
 un acougo nas plantas
 unha irmandade nas bestas
 ser para perdurar para perder-se
 é o meu desexo
 oh dita inexpresábel de viver"

ou nestoutros, do mesmo poemario, onde vemos ao poeta apropiando-se dunha batería de sensacións que lle fornecen diferentes animais:

"(...) extendo os brazos abertos
 do navegante mascato
 ralentizo os meus pasos
 de sapoconcho impávido

amo a litúrxia cruenta
 da mántis namorada
 na paz do león selvaxe
 sinto a rauda gazela
 intimidar-se
 ardo no río de esperma da serpe namorada
 mergullo-me na raíz escintilante
 da estrela azul do mar
 adormezo no acougo
 inocente da mirada do año
 na comunión da égua liberada
 ceibo o cantar
 extasio os meus ollos na luz celeste da águia"

Ás veces, porén, a grandiosidade de todo o natural, a súa capacidade ilimitada de rexenerar-se, de renacer, sobrepasa a condición mortal dos humanos:

"ah rafega da chuvia nos salgueiros
 herbadais que a humidade de vagar amolece
 vento terrán que foxe como un peixe
 o corazón do home é demasiado vello
 pra aturar excesivas primaveras (...)"

Aquela confianza nas dádivas xenerosas da natureza da que falamos traduce-se na poesía de Seoane nunha sorte de rexeitamento de todo o artificial e todo o postizo que existe e chega a imperar na nosa existencia, como proclaman os seguintes versos de A caluga do paxaro:

"(...) eu,
 incurábel,
 solitário,
 pulidor de palabras,
 soñador,
 mal negociante,
 non teño outro rei
 que a vaga que avanza
 como unha extensa man sobor da praia
 non teño outro deus
 que o sol
 e esas migallas de felicidade
 que o abrete e o serán me dan de balde (...)"

Os ámbitos urbanos representan, neste senso, en contraste coa natureza





Ilustración de Antón Patiño, do Poemario "Eu tamén oín as voces do orvallo"

XAVIER
SEOANE



aberta, lugares onde domina a soidade, a incomodidade e a tristura, como din estes versos de Presencias:

"(...) cando penso na cidade penso nas mil imaxes dos viaxeiros sentados en incómodas prazas de autobús escalinatas con rúas de xente atarefada e un abano de follas outonais arremuiñadas nas calzadas ao paso dos errantes solitarios (...)"

Os paxaros pequenos e certas árbores actúan con frecuencia na poesía de Seoane como elementos carregados de positividade. Así acontece, por exemplo, en *Os bosques encendidos*: o estorniño aprende-lle ao ser humano a cantar sen remorso, mesmo sabendo que é mortal; na nogueira adiviña o noso poeta "o pulo gozoso do que non / arrastra sobre si nen pensamento escuro nen anxeio"; o significado do amor procura-o "no piñeiro encendido que alumea / nos paxaros pequenos". En *O canto da terra* chega-se a afirmacións como esta: "na mais cativa folla / arde o universo". En *Eu tamén oín...* fan-se cantos de afirmación como estes: "Si, sol! / Si, horizonte! / Si, penedos! / Si, rocío! / Si, erva!" e chamadas ou invocacións como a seguinte: "Aqui, rula! / Aquí, árbores! / Aquí, palabra! (...)"


Finalizaremos esta pequena achega á poesía de Xavier Seoane con exemplos da súa poesía desiderativa, aquela na que o poeta expresa desexos carregados de optimismo para as persoas, a vida, o mundo. No seu poemario *Regreso e advenimento* lemos:

"que o sol perenemente ilumine a ancha sede da terra que cada día se erga para fecu

e dar luz e semente ás úbedas colleitas na sagrada inocencia da terra no milagre que o zénite sostén viver é o don mais leve a dádiva máis fonda do estremec

mentres que en *A caluga*...

"que a vida enteira sexa como unha mínima papoula medrada silenciosa como unha que a benzoen a gramínea breve e a pomba nunha mañá afraudada como u que a alimenten os gozosos gor que a canten os homes".



O "Brindis derradeiro" de *Os bosques encendidos* proclama, finalmente, nun ton ledizoso e optimista:

"que as vosas vidas sexan un bosque, e priguizosamente sexan un bosque sempre, sempre, sempre que o voso corazón decote ondee nun abrete vizoso presidido por tódolos praceres que sempre, sempre, sempre a ledice e o amor vos arrodeen con loureiros e pombas a gorxa e maila testa".




Ilustración de Antón Putiño, do Poemario "Eu tamén oín as voces do orvallo"



SIN MÁIS ATADURAS QUE ESTAS

El Ideal Gallego

CARÁCTER INDEPENDIENTE

O CORVO MARIÑO CRISTADO

(*PHALACROCORAX ARISTOTELIS*) EN GALICIA

Texto e ilustracións: Amadeo A. Pombo Eirín

O CORVO MARIÑO CRISTADO É UNHA ESPECIE DE DIETA FUNDAMENTALMENTE PISCÍVORA, POLO QUE É CONSUMADO ESPECIALISTA NAS ARTES NATATORIAS E DE ZAMBULLIDO. O SEU VÓO É UN BATER DE ÁS MOI RÁPIDO E ASCENDENTE, QUE FAI SEMPRE A RENTES DA AUGA E NUNCA SOBRE TERRA FIRME. PASA A MEIRANDE PARTE DA SUA VIDA NOS CANTÍS COSTEIROUS, ÁMBITO EXCLUSIVO DA SUA DISTRIBUCIÓN. NO QUE SEGUE AFONDAREMOS NESTES ASPECTOS DA SUA BIOLOXIA.

O corvo mariño cristado é unha ave da Orden dos Pelecaniformes, representada á súa vez por tres Familias: Sulidae (mascatos), Pelecanidae (pelf-canos) e Phalacrocoracidae (corvos mariños). É unha ave mariña especialmente adaptada á vida no mar: corpo estilizado, gran musculatura e patas en posición traseira. A súa distribución está exclusivamente restrinxida ós cantís costeiros, onde pasa a meirande parte da súa vida, o que contrasta coa distribución espacial do seu parente próximo, o corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*) que aínda que cría en costas afastadas das nosas latitudes soe frecuentar no inverno lagos interiores, bocas de rías e lagoas costeiras.

O corvo mariño cristado é unha especie de dieta fundamentalmente piscívora, polo que é consumado especialista nas artes natatorias e de zambullido. Desde a auga bascula o corpo ó tempo que da un empurrón violento saltando cara adiante e ficando por uns instantes co corpo totalmente no aire (Este comportamento é típico desta ave e serve de diagnóstico case sempre a hora de identificala e diferenciala doutro grupo de aves mariñas de comportamentos parecidos, como as mobellas -Gaviidae-); unha vez mergullado persegue ás súas presas axudándose das fortes palmeaduras nas patas que, situadas moi atrás, fan á vez de forte propulsor. Entre os seus "pratos típicos" figuran peixes das Familias Labridae e Ammodytidae, anque tamén consume cantidades importantes de gasterópodos, bivalvos e crustáceos. A dieta do corvo mariño cristado parece ser moi diversa, pois nas súas egagrópilas téñense tamén atopado restos de peixes das Familias Gadidae, Atherinidae e Callionymidae (1). Ademais, é capaz de pegarse un día un


gran atracón e pasar despois varios en xexún.


O seu voo é un bater de ás moi rápido e ascendente, que fai sempre a rentes da auga e nunca sobre terra firme.

Os desprazamentos que realizan para a obtención de alimento soen estar en base á disponibilidad de presas, pero non acostuman cubrir grandes distancias: como máximo, uns quilómetros, xa que os individuos adoitan ser moi fieles á colonia. Os maiores desprazamentos téñense rexistrado en individuos xoves que se xuntan ó final da época reproductora con xoves doutras colonias, cos que viaxan a distancias de 70 e incluso 80 quilómetros da súa colonia de orixe; poden entón ocupar outros emprazamentos, asegurando deste xeito o establecemento de novos núcleos reprodutores.

Na época de celo mostra un penacho de plumas na testa, a xeito de moño, e a plumaxe é completamente negra, cuns brillos verdosos característicos. A súa fenoloxía reproductora é moi ampla: poden atoparse parellas reproducíndose a comezos de Xaneiro e mesmo en datas máis temperás, como un 24 de Decembro do 96 (unha parella en labours de construción do niño. Obs.pers.), anque o máis habitual é que os primeiros niños comencen en Febreiro e o pico de máxima crianza en Galicia se sitúe entre a última semana de Abril e as primeiras de Maio (2).

A construción do niño non sempre é voluminosa, e pode estar reducida a un pequeno feixe de algas sobre a repisa dun cantil (obs.pers.). A incubación dura aproximadamente un mes, e nela participan ámbolos dous sexos.





Cormorán Moñado xuvenil

O polo nace totalmente desprovisto de plumas, anque ós poucos días cúbrese

abrancazada e as plumas coberteiras secundarias máis pálidas.

dun fino plumón. Abandona o niño ó cabo duns 30-40 días, pero permanece nas proximidades do mesmo sendo cebado polos adultos durante outros 30 días, ó cabo dos cales se fai independente.

A plumaxe típica dos xuvenís do primeiro ano e de cor marrón uniforme, coa gorxa máis pálida e

BIBLIOGRAFÍA

(1) Fernández, F.A., Solís, L. e Munilla, I. "primeiros datos sobre a dieta do corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) en Galicia" III Congreso de Ornitología (resumo de ponencias). Oleiros, 1996.

(2) Velando, A., Ortega-Ruano, J.E. e Docampo, F. "La población del cormorán moñado en el Atlántico Ibérico". *Quercus*, nº116 p(16-19).

- Bruun, B. e Singer, A. Guía de las aves de España y Europa. Omega

- Jonsson, L. Aves de Europa con el norte de Africa y el próximo Oriente. Omega.




**CASA DA
XUVENTUDE**

Verán '97



**CONCELLO DE
OLEIROS**

FORMARSE...

- Curso de Monitores de Tempo Libre.
- Curso de Voluntariado Ambiental.
- Navegar con rumbo por Internet.

VIAXAR...

- A Cuba: XIV Festival Mundial da Xuventude e os/as Estudantes en A Habana (26 xullo ata 6 agosto)
- A Marrocos: descubrir o Atlas e os pobos do norte.

COÑECER...

- As aves lacustres no encoro de Cecebre.
- Os Espazos Protexidos da Península: Parque Natural de Serra Nevada e Parque Natural de Cabo Gata.

ESTAR AO DÍA...

- Revista Sen Nervios: é a nosa revista.
- Punto de Información Xuvenil.
- Biblioteca sobre Medio Ambiente.

Oleiros, un Concello para vivir

COSTA DA MORTE

TERRA DE LENDAS E MISTÉRIO

Tito Soto



A Costa da Morte, terra de lendas e mistérios, ofreee-nos valores culturais e naturais dificeiles de atopar noutras zonas. Trata-se dunha comarca de grande diversidade e paisaxes singulares: costas bravias onde se manteñen as últimas colónias galegas do arao dos cons, cabos que nos sitúan en pleno océano, lagoas litorais, longos areais batidos polo mar e o vento e pequenas praias abrigadas. Montes con cabalos salvaxes, un dos poucos reductos onde cria o lobo, e vilas e vales nos que admirar o que a actividade humana creou desde hai milénios: dolmes a esgalla, castros, batáns, encaixe de bolillos, labores do liño, etc.

Moitos outros lugares da comarca teñen tanto interese como os que describimos aquí. Non só os máis coñecidos da costa -Fisterra, o Cabo Vilán, Muxia..., e toda a beira mar senón tamén o interior: a Terra de Soneira que, pese ao deterioro provocado pola eucaliptización, os incendios, o urbanismo irracional ou a minería do caolín, conta con interesantes percorridos naturais e culturais. O troiteiro río Grande co excepcional conxunto de muiños e batáns do Mosquetín, o castelo de Vimianzo, de interese engadido durante a mostra estival de artesanía en vivo: encaixe, oleiría, liño... O río Castro, que nos ofrece as súas caldeiras e nos conduce á fermosa ría de Lires. Na costa, a singular Praia do Trece, no percorrido de Santa Mariña ao Cemitério dos Ingleses (Camariñas), ou o impresionante Cabo Touriñan entre Muxia e Fisterra son algúns dos lugares inesquecibles.

Nesta ocasión queremos despertar o interese por coñecer unha comarca coa descrición de dous enclaves, o Pindo e Traba, que exemplifican o que podemos atopar, deixando para próximos números descrición algunha rota en maior detalle.

DE TRABA A CAMELLE.


Traba é un lugar de grande atractivo, ao que contribúen diferentes elementos: a súa lagoa litoral (aínda que cada vez máis mermada), separada do mar por unha barra de dunas, un extenso areal batido polo mar aberto e un macizo granítico ("os Penedos de Traba", ou de Pasarela) onde a erosión debuxou for-

mas caprichosas na pedra, cantadas por Pondal.

Os distintos hábitats fan de Traba un lugar rico en especies animais e vexetais: aves acuáticas, carrizais, plantas dunares... A horta de Traba era sonada en toda a bisbarra, pola importante produción de froitas e hortalizas que o microclima lle garantiza. Aínda agora podemos atopar cebolas, allos, peras e outras froitas de Traba nas feiras e mercados da comarca, se ben a súa importancia se veu mermada co decaimento da agricultura intensiva tradicional, a invasión de froitas e hortalizas mediterráneas, e especialmente desde a chegada ás terras de Traba da concentración parcelaria.

No centro do val sitúase a igrexa parroquial que conta con elementos de interese, como a fachada do século XVIII.

Desde o extremo occidental de Traba, concretamente desde o lugar de Mórdomo podemos facer un magnífico paseo por un camiño de carros que se dirixe á mariñeira vila de Camelle, a



Areal do Trece

onde podemos chegar sen dificultade ao cabo dunha ou dúas horas (por estrada, Camelle e Traba distan uns quince quilómetros). Camiñamos entre pequenas cortiñas ou ao pé mesmo das olas que rompen con violencia. Os espidos granitos dos penedos vixianos desde as alturas.




Cabo Touriñan

A DESEMBOCADURA DO XALLAS E O PINDO.

No Ézaro podemos contemplar un dos lugares naturais máis singulares do noso país e, ao tempo, un dos maiores atentados que o noso meio e a nosa paisaxe teñen sufrido: a ferverza pola cal o río Xallas se envorcaba no mar, hoxe canalizada para a produción eléctrica.

Salvo que teñamos a sorte de pasar por aquí cando as moitas chuvias obrigan á apertura das comportas do encoro, non veremos xa as escumas do Xallas senón só o enxoiro tobogán de pedra polo que baixaba a água, ao pé do cal, século tras século, foi excavando un pozo de máis de vinte metros de fondo.

Ao sur do Xallas, o Pindo é un macizo de granito que se ergue desde o mar até máis de seiscentos metros de altura. Rodeado de lendas sobre ritos e



Costa de Traba a Camelle, este ao fondo.

cultos ancestrais (como indica o lugar denominado "Onde se Adora"), facilitados polas figuras que a erosión creou na pedra, moitas das cales semellan caras humanas, monstros, deuses, druidas...

O Pindo podemos admira-lo desde abaixo pero o realmente impresionante é a ascensión. O máis indicado é iniciar o percorrido desde a igrexa do Pindo e desfrutar dos diferentes paraxes que atravesaremos na subida, prestando atención para non perder-nos.

O primeiro tramo discorre á beira dun regato, entre valados con abundantes loureiros e piñeiros e continuando a ascensión podemos ver penedos graníticos de curiosas formas e petoutos desde os que sentir o mar aos pés.

Chegados a unha chandeira (o "Chan de Lourenzo") non cansaremos de admirar a praia de Carnota, uns cincocentos metros máis baixa. Se subimos o último tramo até o máis alto do Pindo (a Moa, 641 m) teremos á vista Carnota, a ria de Corcubión, Fisterra... contemplamos o fin da Terra desde as alturas. Unhas dúas horas de subida que nos cansarán, pero que sen dúbida merecen a pena.

É fácil ver pequenas manadas de

cabalos case salvaxes nestes duros montes, onde tamén habitan os porcos bravos e posibelmente algún lobo, aínda que non os vexamos. Da vexetación non podemos deixar de citar o carballo añón (*Quercus fruticosa*), un carballo arbustivo de menos de dous metros de altura que ten aquí a súa única representación galega.

COMO CHEGAR.

Unha e outra vez, os amantes dos camiños de ferro viron truncado o pro-

xecto de ferrocarril Coruña-Carballo-Corcubión, polo que a alternativa máis ecolóxica é facer uso do escaso servizo de autobuses (desde Compostela e A Coruña), por outro lado case nulo en moitos puntos da comarca. Con todo, pola cercanía das cidades referidas, non é difícil achegar-se en carro propio ou en auto-stop. Sen dúbida, o verán é a época máis cómoda para facé-lo, pero é no inverno, con ceos grises e mar bravo cando o visitante mellor percibe a bravura e o encanto da natureza nesta terra.



Foto: Manuel Soto

Penedos de TRABA



O Mar de Vida
na Costa da Morte




CULTIVOS MARIÑOS EN GALICIA

Guillermo del Río Rocha, Sergio Pico Jimenez, Vicente Varela Parapar e Alfredo Veiga Villar.

Bahia Edicions. A Coruña, 1996

A presente unidade didáctica é unha máis da serie "Guías Didácticas". Comeza cunha introducción na que se fai referencia á situación privilexiada da nosa terra para adicarse ós cultivos mariños e advírtenos do perigo que supón a sobreexplotación dos nosos recursos naturais.



Nunha segunda parte aparecen clasificados tódolos tipos de cultivos atendendo a diferentes criterios, e apórtase o esquema dun modelo de organización bioeconómica baseado en criterios científicos, que se debe seguir para explotar un determinado recurso.

As mareas vermellas, máis coñecidas como purgas de mar nas rías galegas, son o tema do apartado terceiro. Estas constitúen un fenómeno natural que se produce pola proliferación e aglomeración con gran rapidez, de algas microcópicas que, en Galicia, veñen xeralmente determinadas por certos factores como: estabilidade da masa de auga, aumento de nutrientes e altas temperaturas. Estas mareas vermellas supoñen graves repercusións para a saúde pública e económica en Galicia.

O apartado cuarto ocúpase do cultivo de moluscos, concretamente dos aspectos biolóxicos e técnicos (metodoloxía de cultivo) do mexillón, ameixa, ostra, berberecho e vieira. Apórtanos tamén información sobre o cultivo de moluscos en hatchery (criadeiro) e da necesidade de depuración dos mesmos.

O quinto apartado céntrase no cultivo de crustáceos (do bogavante en particular) e nas cetarias, locais de explotación

só de certos crustáceos como nécoras, bois, centolos...

O cultivo de peixes en granxas piscícolas ou piscifactorias ocupa o apartado seis, sendo este un sector da acuicultura galega en plena expansión e ben dotado. Non sucede o mesmo coas algas, recurso abundante e importante da costa galega e aínda sen explotar tanto de forma natural como en cultivo (apartado seis)

Na sección de apéndice describíense brevemente as diapositivas das que dispón a unidade didáctica, incluíndo un glosario de termos e as referencias bibliográficas.

A sinxela estruturación desta unidade didáctica na que aparecen abundantes esquemas e as diapositivas, fan dela un libro útil, que nos permitirá coñecer, analizar e reflexionar sobre a limitación dos recursos mariños e sobre a explotación de bancos naturais con criterios científicos, pasando pola recuperación destes, como unha solución ós problemas de sobreexplotación.

O. García

GUÍA DE PLANTAS MEDICINAIS DE GALICIA

A. Rigueiro, R. Romero, F. J. Silva-Pando e E. Valdés.

Galaxia, Vigo, 1996.

Hai tempo que se botaba en falta un libro como este. Poucas referencias directas á flora medicinal de Galiza existían con anterioridade; cabe citar un traballo do ano 1952 de F. Bellot, o autor da "Vegetación de Galicia", outro do botánico asturiano M. Mayor do ano 1980 que recolle as plantas medicinais e venenosas de Asturias, Cantabria, Galicia, León e País Vasco e unha curta incursión neste tema dun dos autores deste libro -J. Silva-Pando-, de 1984.


Este libro é unha guía das plantas medicinais de Galiza de todos os grupos sistemáticos, desde algas a plantas superiores ou fanerógamas, incluíndo tanto as silvestres como as cultivadas con mais ou menos profusión no noso País. De todas as maneiras, e como se deduce do seu título, éste non pretende englobar a totalidade das plantas medicinais de Galiza senon as mais sobresaíntes.

Comeza o libro cun limiar que fai unha referencia histórica ao uso das plantas con fins medicinais e ao panorama actual deste interesante aspecto da botánica e da medicina que está sendo obxecto de grande atención pola comunidade científica especialmente a medida que se vai coñecendo máis a flora tropical cuxa enorme

diversidade encerra novos principios activos de aplicación farmacéutica. A isto están axudando moito os estudos de etnobotánica, xeneralizados ultimamente neses países.

Continua o libro cunha descripción bioclimática de Galiza e uns curtos apartados adicados á recolección, cultivo, secado e conservación das plantas medicinais. Segue-lle un capítulo mais longo no que se indican os diversos tipos de principios activos que se poden extraer das plantas medicinais, outro no que se describen os diversos métodos de preparación das plantas medicinais para o seu uso: infusións, extractos, cocementos, etc. e unha curta referencia ao uso das plantas medicinais en homeopatía, tan de actualidade.

Tras unha lista ordenada dos grandes grupos sistemáticos nos que se inclúen as plantas tratadas neste libro, comeza a parte central do mesmo no que de cada planta, tras o seus nomes científico e popular galego e español, se fai unha pequena descrición morfolóxica á que



segue a súa distribución e habitat referidos sobre todo a Galiza e, finalmente, a súa composición, propiedades farmacolóxicas e usos. De cada especie se inclúe ademais unha fotografía de calidade ou un deseño tomado dunha das catro coñecidas obras botánicas citadas na parte inicial.

Reafirmamos o que se decía ao principio sobre que este é un libro que se votaba en falta no noso País. Seguen-se votando en falta, poren, referencias concretas ao uso popular en Galicia destas plantas medicinais; practicamente ausentes no libro aínda que isto pertence xa ao campo da etnobotánica no que hai un enorme e interesantísimo traballo por facer.

S. Ortiz



AQUELA LUZ

Texto: XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR - Foto: Xan G. Muras

A visitación das margaridas lévame necesariamente á memoria da Linda, da Toura, da Galleira e da Castaña, as catro vacas labradoras da Casa de Vila de Quian, a miña tribo. Alzadas sobre os cascós, convocaban os primeiros insectos e as labandeiras para cadrar en harmonía sobre os pastos da Gavia e da Devesa. É a imaxe do retorno, que desde a cerna das nosas biografías é tamén fundamento para o balance. Aló vou sempre, aínda cando me deteñen as luces do semáforo e alzo os ollos cara á nobleza arquitectónica das vellas Vigo, Pontevedra, Compostela, Lugo, Mondoñedo, Tui, A Coruña, Ourense... Tamén aquí as margaridas do asfalto a levitar o sexo (ese instinto irremediable). E pasan solermiñas pola banda do solsticio, coma as aves dos pradairos, cabo do mar. Eis o encontro coa estación da Luz máis obxectiva, a que tragamos e nos traga no balcón da chaira ou do areal, no gume das pedras solares, onde o tempo vive e se pronuncia en horas de tarde, solpor, abrente, parva, xantar, descanso... porque a noite é breve e apenas dá para o amor.

Neste punto acordo e vexo as cacharelas de Santalla de Moar, nas terras dos paxaros e das lebres que chamam Frades e A Ponte Carreira, por onde o Tambre

muda de andadura. Aquí vivín, vai para trinta anos, a primeira luzada comunal do canto, da mística, da maxia da Noite do vintetrés de xuño. O lume denso e a música das voces e as ferreñas, os birimbaos, a danza, o viño. o pan. E eu toliño de amores por aquela rapaza que se foi co vento e quixen ollar, sentila logo na frescura e no arrecendo das herbas luísa e tromentelo, serenísimas no meu cuarto de ritos da fortuna. E nunca foi.

Nesta angueira cenital recordo as mallas nas eiras enlousadas dos ricos, nas embostadas dos pobres. Nenos a desfacer as medas, monllos abaixo e papar figos e pó namentras a malladora mecánica ladraba chaf chaf chaf, inacabable, e o cilindro homm hoommm hoommm a remoer as espigas e cuspir o gran e a palla quentes para a tullas e os ferrados do señor.

E despois todas as festas: Indalecio, o fogueteiro louco que subía ao ceo; Abelardo, o esmolante da precisión e do cálculo; Clemente e Sidorio, os músicos excelsos que namoraban ao vento das carballas; as rosquilleiras; as ruedas de arder na meia noite; o amor...e, príncipes paganos, a rebulir nos ollos e nas bocas da con-vencida inocencia, paseniño e cara adentro, na conquista máis fermosa do teu meu, furiosamente nós.



... DE COLECCIÓN ! ADEGA CADERNOS



MONOGRAFIAS

Nº1: MINICENTRAIS HIDROELÉCTRICAS. ENERXIA EÓLICA.
M. Soto e R. Varela. 44 pax.

Nº2: A ECONOMIA E A ECOLOXIA DO MEIO MARIÑO.
G. Alejandro Muinhos, X. Paz, J. Varona, M.A. Murado,
M.Soto, J.M. Lema e L.M^a Pérez. 52 pax.

Nº3: (PROXIMAMENTE) "XESTIÓN DO LIXO: UNHA ALTERNATIVA
ECOLÓXICA AO PLANO DE SOGAMA".

OUTROS TÍTULOS EN PREPARACIÓN:

- O IMPACTO AMBIENTAL DO TRANSPORTE NA GALIZA.
- AGRICULTURA ECOLÓXICA

PEDIDOS A ADEGA: ver folia de pedido na páxina 29-30 de Cerna.
PVP: 600 Ptas. (Socias / os 300 Ptas. no caso de suscripción)



PRA FACER UN FEITIZO

**Sabugueiro da folla repinicada
pól-o Maio estralando de brancas froes
collereiche un ramallo na madrugada
pra facer un feitizo prós meus amores.**

**Que non fuxan os melros que fan o niño
no máis mesto curruncho dos teus verdores:
esgazareiche as ponlas moi a modiño
pra facer un feitizo prós meus amores.**

**Cocereiche con cornos de bacaloura,
con fiuncho e con ruda dos arredores
da hermidia feituqueira da Virxen loura
pra facer un feitizo prós meus amores.**

**Pra este amor, sabugueiro, que me entolece
tuas froes segura menciña son,
que tí tamén fforeces cando fforece,
bermelliño de rosas meu corazón.**

FERMIN BOUZA-BREI (1901-1973)

Cerna, a túa revista, naturalmente